¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte, ago-(ra,
mañán... na vida e na (morte!

R. CABANILLAS

# A NOSA TERRA

Ano XXX ★ BÓS AIRES, XANEIRO 1946 ★ Núm. 444

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO
1 - Galicia, unidade cultural.
2 - Galicia, pobo autónomo
3 - Galicia, comunidade cooperativa.
4 - Galicia, célula de universalidades.

GALEUZCA

## A Sua Razón de Ser

A unión de galegos, vascos e cataláns, trunfante hoxe na Península baixo o nome de GALEUZCA, ten a sua razón fundamental de ser na coincidencia das aspiracións dos tres povos e na necesidade de axudárense recíprocamente escontra d-un enemigo común, que é o Centralismo.

Hai quen dí que non fai falla que se xunten os tres povos, que, as xentes de toda Hespaña que desexan un réxime federal, son as que deben xuntar os seus esforzos, sin facer distinción de povos, e loitaren pol-o trunfo d-ise réxime. Un movimento federalista hespañol ou peninsuar sería a solución para os que así pensan. Teóricamente, inda que con certos reparos, isto pode ademitirse. Decimos que con certos reparos porque se trata de algo máis complicado que de establecer unha federación de estados d-unha mesma nación. A solución ten que buscarse n-un estado plurinazonal, no que algunhas das nacións integrantes, coma Castela e, posibelmente, Cataluña, terán á sua vez rexións autonómicas.

Máis, se feita a salvedade apuntada, a idea do federalismo é teóricamente ademisibel, a práitica amostra outra cousa. ¿Quén pensa no federalismo? ¿Quén loita por implantalo? Pequenos grupos illados, minorías insiñificantes. A realidade tanxíbel é que, se Galiza, Euzcadi e Cataluña non plantean o problema e non-o impoñen, o Centralismo sigue e siguirá imperando, haxa monarquía, franquismo ou república. E con elo siguen descoñecidos os direitos de Galiza, de Euzkadi e de Cataluña.

Os galegos, vascos e cataláns non-os opoñemos a que os demáis hespañoles loiten por implantar o réxime federal. Todo o contrario, nos veríamos con placer os seus esforzos e non teríamos o máis pequeno empacho en cooperar con eles. Máis, mentras éles non se resolvan a pórense en marcha, nós non imos a estar esperando de brazos cruzados. Nós avanzamos; se éles veñen, ben; se non, loitaremos solos.

GALEUZCA ten a súa razón de ser nas aspiraciós positivas de galegos, vascos e cataláns, e na vontade d-istes tres povos de gobernárense a si mesmos. Frente a estas aspiraciós e a esta vontade levántase o Centralismo que mantén a hexemonía de Castela. E aínda que Castela se perxudique materialmente, pois vive na miseria co Centralismo, a sua vanidade nacional faille preferir iste sistema. Non podemos esperar, por tanto, que Castela se incorpore ao noso movimento.

Velahí pol-o que galegos, vascos e catalãns temos que xuntarnos. Non é que nós queiramos illarnos dos outros povos. E que éles non participan das nosas inquedanzas. Non é que nós os rechacemos. E que éles non queren vir. Xuntámonos solos, máis estamos decote dispostos a xuntarnos con éles.

Nós xustificamos a quietude dos povos de fala castelán, xa que a éles pode satisfacerlles o Centralismo. E creemós ter direito a que se estime xusta a nosa preocupación, xa que o Centralismo, e calquera hexemonía, máis que incómoda, resúltanos insoportábel.

## Galicia Mártir

As famosas estampas de Castelao que baixo o tíduo precedente, foron publicadas en Hespaña durante a nosa guerra civil, e reproducidas en casi todol-os países do mundo, incluso na China, acaban de ser editadas de novo con poemas de Hernán Gómez.

"La Prensa", de esta capital, adícalle o siguinte eloxioso comentario, que nos complacemos en reproducir:

"Todo el dolor de Galicia, todo el drama de un pueblo mártir están condensados en estas estampas de Castelao y en los poemas que sobre ellos ha meditado Hernán Gómez con solidaridad fraternal. No se puede olvidar: el fascismo ensangrentó primero a España, y eligió sus víctimas entre los que no quieren renunciar a la esperanza de un mundo mejor, ni al pensamiento que lleva hacia ese mundo. Castelao ha vivido ese drama, lo ha visto, lo ha sentido en su carne, y ahora lo guarda en su corazón. La terrible crudeza de los dibujos da la medida exacta de la crueldad y el odio insaciables del "nuevo orden". Los hombres contra el paredón, las mujeres junto a sus muertos y los niños, que mañana pedirán cuentas. Estos héroes humildes de la libertad señalan un límite, separan una edad, de otra que está por llegar. Por eso no sorprende el soplo de grandeza que anima sus rostros en el instante supremo: la muerte señala a los que quedan el camino de la libertad. La fe en la justicia final, más fuerte que el tiempo, alienta también en los poemas de Hernán Gómez. En esa misma realidad, infinitamente triste, comienza a realizarse la esperanza del ayer; en esas manos rudas, en esos rostros trasfigurados, en esa sangre inocente. Sugestiva es la compenetración revelada por el poeta al interpretar las estampas del artista gallego. Para el infortunio del hombre libre no hay provincias, y es natural que la angustia "da miña terra" encuentre expresión cabal en el pensamiento poético madurado por la angustia universal. Cuando toda sombra se disipe, las estampas y poemas de "Galicia mártir" prolongarán el recuerdo de un sacrificio fecundo y serán el testimonio de la noble cruzada que unió a los intelectuales de todos los países.

El libro fué impreso en los talleres gráficos de Emilio Fenner, Rosario".

## Suárez Picallo

*Resumir a figura do grande loitador galeguista, Ramón Suárez Picallo, n-uns cantos trazos, non é cousa fácil.*

*E, a de Suárez Picallo, unha vida ateigada de movimento espritoal e de aición social e política.*

*A sua miuda figura destacouse nas grandes xestas obreiristas do Plata coma un apéndice da voz potente e crara con que eleitrizaba as grandes masas proletarias.*

*A sua formación cultural iníciase nas bibliotecas populares, como autodidacta; desenrólase no exercicio do periodismo e culmina con*



*sua graduación de abogado, levada a cabo na Universidade de Compostela.*

*Dende entón, Suárez Picallo sigue con afanoso celo o progresivo desenrolo das máis variadas disciplíñas, tendo ao día, d-un xeito especial, o movimento político universal, os grandes moviementos sociaes i económicos, así como as correntes filosóficas, artísticas e literarias.*

*Hoxe a persoalidade de Suárez Picallo acúsase por um criterio amplio, un espíritu xeneroso, ben cultivado, un gusto delicado e unha mentalidade sólida, capaz de abordar en forma maxistral temas fundamentaes, o mesmo n-unha cátedra universitaria que dende un escaño do palramento.*

*En Chile, onde reside, goza de merecida reputación como orador orixinal e inimitábel, como fino periodista e como grande patriota. A Colonia hespañola en xeral sinte por Suárez Picallo unha simpatía raiana en veneración.*

*Ao conxuro da sua verba saúdosa, a coleitividade galega de Chile desenterra do fondo da concencia racial o esquecido sentimento do seu ser nacional. E a voz do Picallo produce nos nosos paisanos d-aquela beira dos Andes un estremecimento relixioso que fai por as suas almas de xionllos diante da evocación da Patria lonxana.*

*Políticamente, Suárez Picallo, fíxose na leitura dos precursores e ao contacto das grandes figuras do galeguismo. Patriota galego denantes que nada. Nazonalista galego d-un xeito integral. Soñador, devotamente anamorado da paisaxe mariñán e poseído d-unha cordialidá sin fronteiras coma o mar.*

*Hai en Suárez Picallo un culto da persoalidade individual e nacional, como hai un culto da humanidade. O sentimento artístico da creación, da singularidade, da obra e da persoalidade de trazos inconfundíbels, únicos, corre parellas en Suárez Picallo co amor aos semellant-*

*A. R.*

## O PAZO GALEGO

**Baixo a forma de casa de recreo e descanso, empezou a funcionar o "Pazo Galego". E un dos moitos aspectos que él terá de abarcar no porvir para encher a sua tarefa de xuntar a familia galega e de crear un ambente de fina, de sinxela, espontánea e intensa galeguidade un ambente de galeguidade xenerosa, comprensiva, no que axeitadamente, en cordial irmandade, poidan convivir o sentimento nacional galego e o sentimento nacional arxentino.**

**Hai que crear un clima moral para que as nosas virtudes dean froito. Hai que crear un clima espiritoal para que o noso xenio alumee.**

**O "Pazo Galego" empeza xuntando as familias n-unha comunión, entre si e coa paisaxe. E o primeiro paso, e, tamén, o compendio de canto hai que facer: Unha comuniõu no vivir, e unha comunión coa Terra, coa Terra na que se vive.**

**Nos os galegos levámol-a Patria no recordo e no ser: concebímola no pensamento ouxetivamente, e levámola substancialmente, constitutivamente no corpo e na ialma. Os nosos fillos herdan a nosa sensibilidade e forman as primeiras impresións na quentura dos nosos recordos e dos nosos amores: "entran en galego na vida arxentina". E nos, levados do noso aceso patriotismo, hipertrofiado pola ausencia, non-os decatamos de que, con frecuencia, botamol-a semente d-un sentimento de inferioridade nacional na concencia dos nosos fillos. Dempois, na escola primaria, os papés invírtense: Son os sentimentos nados no fogar os que reciben rudo golpe no curazón das criaturas ao seren menospreciados por compañeiros e mestres. O sentimento filial aparece, de tal xeito, en forcexante loita co sentimento patriótico. E isto é o que hai que ivitar. Hai que procurar, pol-o contrario, que os dous sentimentos se armonicen, se axuden e se complementen. Velahí duas das principaes finalidades do "Pazo Galego": Espertar nos pais galegos a nota delicada do culto a patria dos seus fillos, e crear unha escola arxentina na que a arxentinidade entronque cos sentimentos filiales respetuosamente cultivados.**

**O conocimento dos valores arxentinos; o cultivo do folk-lore arxentino, e a familiarización coa paisaxe arxentina, deben ser para os nosos fillos, a realización espritoal dos grandes amores que, dend-o colo da nai, adeprenderon a respirar nos fogares galegos.**

**O conocimento dos valores galegos, o cultivo do folk-lore galego, e o sentimento saudoso da paisaxe galega, terán de ser o exemplo inmorrente, a leición posta diante dos ollos, o fogo aceso na ialma para que os nosos fillos saiban engrandecer e honrar a sua Patria Arxentina.**

**..Tal é a misión que escomenza a cumprir o "Fogar Galego".**

## O Presidente da Rep. Hespañola e o Goberno Giral saien para Francia

D-un día para outro, don Diego Martínez Barrio e mail-o siñor Giral sairán para Francia, onde o Goberno Republicano se disporá a facer frente aos acontecimentos políticos que se aveciñan co gallo da impostergábel caída de Franco, cuio réxime ven sobrevivíndose por circunstancias alleas a vontade dos povos da Península e contrarias a marcha dos acontecimentos.

En realidade a situación de Hespaña soio se prolonga pol-a aititude claudicante do laborismo inglés, que é de esperar que non sexa imitada pol-as forzas democráticas trunfantes en Francia. Pol-o menos as disposiciós tomadas pol-o d-agora por tales forzas fan esperar unha maior consecuencia e unha millor xusticia

RA 29/8



# VERTEDEIRO

Tardamos moito en crear esta seición, porque coidábamos que non era indispensable; pero agora vemos que en toda casa ben orgaizada debe eisistir un lugar reservado, por onde se lle déa saída aos maos humores. Máis non queríamos usar estes métodos; pero...

* * *

*Sabemos que o Sr. Jiménez de Asúa emiteu un informe no Casino Republicano encol da súa aituación en México, como Presidente das Cortes. Antre outras moitas inconmenencias, dixo que Galeuzca —verba formada po-as primeiras sílabas de Galicia, Euzcadi e Cataluña— atopa ríase en grave aprelo se Castela se lles incorporase coas súas duas primeiras letras, pois entón Galeuzca tería que chamarse Cagaleuzca ou Galeuzcaca. Calquera comprenderá que este indecoroso "chiste" non ofende a Galeuzca, senón a Castela.*

*Seipa o Sr. Asúa que ese "chiste" non é seu, nin de Prieto, nin de Ossorio, senón d-un coñecido separatista, que quixo demostrar a imposibilidade de entendernos con Castela. O "chiste" foi inventado n-un mitin público, van alá máis de trece anos. "Galeuzca —dixo aquel separatista— é unha verva inodora e aséptica, que non ademite a primeira sílaba de Castela sen trocarse en... (eiquí os dous cheirentos vocablos que pronunciou o señor Asúa)".*

*Está visto que un ilustre catedrático pode ser un político torpe, incurrindo en necedades imperdonables. Seipa tamén, e agora decímollo seriamente, que o día en que os casteláns e os castelanizados se incorporasen ao ideal unionista de Galeuzca, o nome que a todos nos podería xuntar sería España.*

* * *

**"España está por encima de la República" —acaba de decir Prieto con énfasis lerrouxista—. Pero para nós a España de Lerroux, de Prieto ou de Albornoz cando se pon por riba da República, non é moi diferente da España de Franco.**

**Estamos asombrados de ver cómo a sombra de Lerroux vai avanzando no campo republicano e cómo se trata de "ensanchar a base da República" para apuntalar o centralismo. Os vellos nemigos de Lerroux xa se axeitaron ás formas máis claudicantes e despreciables do lerrouxismo; e o mesmo Prieto xa non desexa outra cousa que caer nos brazos de Gil Robles... Pero Prieto, pol-o menos, fala claro e non engruña os seus pensamentos, facéndollos tragar a moitso repúblicos que teñen a obriga de non pensaren así.**

**Verdade é que onde imperou o lerrouxismo ben pode agora reinar o prietismo.**

* * *

As eminencias grises, que pontifican no Casino Republicano, falan da guerra civil como si a viviran e sofriran. Esto cicáis se lle poida perdoar en gracia do moito que sudaron en Embaixadas e Consulados; pero non está ben que denigren en voz baixa a quén sofreu moral e materialmente moito máis que todos eles xuntos. O que resulta insoportable é que se atrevan a falar de concordia republicana cando pasan a vida sementando discordias. O que ningún home de ben pode ademitir é que se distingan pol-o seu barato anticlericalismo e logo dispois non seipan usar máis que métodos de hipocresía, imitando aos xesuitas.

Estas figuras apolilladas, que nin tansiquera gañaron o seu ingreso no Museo Grevin, querían, pol-o visto, que nós as reverenciáramos como símbolos grוriosos da República. E, a decir verdade, xa hai d-abondo con que meia dúcia de galegos lle falen co sombreiro na man.

* * *

*Nos comezos da outra gran guerra había na fermosísima vila de Noia un tolo moi divertido e popular, que se tiña por Alcalde de real orden e que facía rir ás xentes coa súa seriedade concellil. Un día este probe tolo escribeulle unha carta ao rei de Inglaterra, oferecéndolle os seus servicios de Alcalde e poñéndose a disposición das grandes potencias aliadas. E dín que o tolo recibeu unha carta en inglés agradecéndolle tan xeneroso concurso, cousa que fixo estoupar de risa a todol-os veciños de Noia.*

*Non ten, pois, nada de estrano que agora outro Alcalde de Noia —non parvo, pero solemnemente iluso— escrebira unha carta ao periódico "Galicia" i "España Republicana" e que en ambas redaicións o tomaran como un Alcalde de verdade, elexido pol-o povo e dino de presidir un Partido nacional.*

*Esto fai rir as tripas.*

---

Un profesional do aforro e gran "previsor del porvenir", emparellou co Alcalde de Noia e volveuno tarumba até sairen os dous pol-as ruas de Bos Aires a combatiren a "tiranía" dos diputados galegos e defenderen a democracia mundial. Non se sabe que fixeran cousa ningunha; pero xa deron tres declaracións á prensa, e as tres sobor do mesmo tema.

O "previsor del porvenir" acaba de negarlle capacidade de direición palítica aos diputados que representan e defenden a última espreción democrática do seu país, porque, pol-o visto, non teñen dereito a traballar sen o seu consentimento.

Sen os "dous de sempre" non hai [illegible]

---

*"España Republicana" xa se declarou partidaria do plebiscito, dispois de decir que a tal proposición era claudicante. Todo porque Prieto acaba de pronunciar un discurso, asegurando que o plebiscito debe facerse dispois da caída de Franco e cando en Hespaña estean restablecidas as garantías democráticas. O que non esplicou Prieto nin "España Republicana" é a pregunta que se lle vai facer ao povo hepañol para que diga "si" ou "non". Tampouco son capaces de decirnos quenes serían eses "ciudadanos neutrales" que van a formar o Goberno provisional.*

*Está visto que os antigos lerrouxistas claudican por calisquera cousa.*

---

O plebiscito por Prieto para engaiolar ás grandes potencias, era tan orixinal que o mesmo Franco decidiu tomalo en consideración. Pero agora o invento de Prieto baixou de categoría e trocouse n-un plaxio dos trece puntos do Dr. Negrin procla,madosno ano 1938.

"4. La estructuración jurídica y social de la República será obra de la voluntad nacional. libremente expresada mediante un plebiscito que tendrá lugar tan pronto termine la lucha, realizado con plenitu de garantías..." Así dixo Negrin cando estábamos en guerra.

Esta é, pois, unha segunda claudicación de Prieto.

# ZEJEL

**A Galicia ll-hei cantar**
**con verbas de namorar.**

A Galicia cantarei,
o meu amor lle direi
i-amante fidel serei.
En proba de ben amar
**a Galicia ll-hei cantar**
**con verbas de namorar.**

A Galicia, meu amor,
direi meu verso mellor
e serei seu trovador.
Preto e lonxe do seu lar
**a Galicia ll-hei cantar**
**con verbas de namorar.**

A Galicia ll-hei querer
como a garrida muller
i-amor grande ll-hei de ter.
No seu mimoso falar
**a Galicia ll-hei cantar**
**con verbas de namorar.**

A Galicia teño lei,
parolas do amor que sei
pra ela prenunciarei.
Pra meu amor lle mostrar
**a Galicia ll-hei cantar**
**con verbas de namorar.**

De Galicia namorado
topareime ben pagado
se n-ela son enterrado.
Pra tal sorte recadar
**a Galicia ll-hei cantar**
**con verbas de namorar.**

AVELINO DIAZ.

# PENSA O LADRON...

*Hai muitas persóas que coidan que naide fai nada n-unha entidade se non e por algún intrés, mais ou menos inmediato; coidan que ninguén se move como non seia pensando outer algún beneficio como resultado, en fruto da sua aución societaria.*

*Pensan que non é posibel que haxa homes con santidade, ou heroicidade, d-abondo pra facer algo en ben da comunidade sin agardar recompensa algunha pol-o que fagan. Non conciben que haxa xente tan tola como pra traballar sin pertender algún porveito.*

*Esas xentes, esas persóas, non teñen ningunha crás d-idealismo e, por elo, pensan que os demais tampouco o teñen; elas fixerón do positivismo un Evanxelio, o seu Evanxelio, e fora d-esa doutrina que poñen en práutica decote, non sinten mais preocupación nin deseio algun de facer o ben pol-o ben mismo.*

*E, n-esa postura egoísta, con ese criterio estreito, con esa falla de xenerosidade i-esa total ausencia de pensamentos outos ¿como van a pensar, nin crer, que os demais fagan algo de bon por simpre idealismo, pol-o solo gusto de facer o ben sin cuidarse de saber quen recolle os froitos?*

*Esas xentes sin espiritualidade e sin xenerosidade, esas xentes de votas do "venga a nós" que somentes fan a sua comenencia e que non teñen reparo en facer uso das verbas consagradas pra eispresar o idealismo, cuando lles convén, endexamais estan dispostas a reconocer o idealismo que os demais fan realidade todos os días, con verbas e feitos dos que non se pode dubidar.*

*Mais eles, os non xenerosos, os non espirituales dubidan, ou, donde non, conceden un mérito ós idealistas, o mérito d-ausorción de traballo, o mérito da capacidade pra facer as cousas, pro, ainda así, coidan que tal virtude non é mais que o resultante d-un deseio de outer unha meirande ganancia, cousa esta que sería o acicate, o aguillón, que (sempre d-acordo ó pensamento dos mal pensados) faria xermolar o deseio de autuación i-a capacidade pró traballo.*

*En resúmen, os incapaces i-ós egoístas son os que non fan ren se non é por intrés e, por aquelo de que "pensa o ladrón..." eles pensan que non hai quen faga algo sin agardar porveito ningún, que naide sementa senón pra si mismo i que naide ten d-abonda xenerosidade pra sementar sin pensar quen vai a facer a colleita.*

*E hai quén o fai, quén traballa así, quén se sacrifica, quén da canto ten sin pedir nada, sin agardar nada.*

*Hai quén traballa por amor ó ideial, por amor a patria, por amor ós seus hirmáns, por amor a humanidade, con desintrés, con ese desintrés que endexamais comprenderán os egoistas, os mezquinos, os de corazons duros i-almas secas. Almas nas que non caieu o orvallo das amorosas verbas de xesús.*

XAN DA PENA.

# Del Chocolatín al Pote Gallego

## Especial para A NOSA TERRA DE TELLAGORRI

En los días de la monarquía, los políticos almidonados de Madrid, los encharolados guardias civiles, los desiavados gobernadores, los más deslavados policías y los diarios de la situación arremetían contra nosotros con el mayor entusiasmo: nuestros periódicos eran suspendidos o multados; sus directores, procesados, desterrados o presos; los patriotas más enfervorizados, perseguidos y encarcelados, cuando no muertos. Todo ello era bien desagradable, pero, en cierto modo, estaba dentro del orden natural de las cosas: nosotros éramos demócratas, y ellos, antidemócratas; ellos unitarios, y nosotros, no; monárquicos ellos, y nosotros, republicanos; en una palabra, éramos enemigos y como tales nos trataban; y como eran más fuertes que nosotros, nos traían al retortero.

Pero desaparecieron aquellos días de los calendarios y vinieron otros nuevos: los de la república, que nosotros creíamos iban a ser también los de la democracia y la libertad. Por eso los saludamos todos con tanto alborozo.

Sin embargo, no todo fué miel sobre hojuelas. El Estatuto de Cataluña nació a la vida con ayuda de forceps; el de Euzkadi fué aprobado, sin oposición... cuando ya había comenzado la guerra civil; el de Galicia, presentado a las Cortes hace ocho años, aun espera su aprobación. Y en estos casi quince años transcurridos desde la proclamación de la República, no han sido pocas las opiniones "demócratas" que, unas veces pública y abiertamente, en la prensa o en el mítin; otras en declaraciones de carácter político, e infinitas en conversaciones más recatadas, se han mostrado discrepantes, enemigas y hasta airadamente hóstiles para con los deseos de libertad de los pueblos ibéricos. Y ésto, amigos, si que no está en el orden natural de las cosas. Eso de ser demócratas cuando les da la gana, y dejar de serlo cuando les parece, no puede ser aceptado por nosotros seriamente. O se es, o no se es.

En la actualidad, una de las personalidades políticas españolas de prestigio internacional que está frente a nosotros es don Luis Jiménes de Asúa, presidente de las Cortes republicanas.

En otros parlamentos, o en el británico, por ejemplo, el "speaker" de la Cámara suele ser una persona imparcial, discreta, ecuánime, que sabe estar al márgen de las querellas políticas. Tal vez por eso, porque nadie duda de su ecuanimidad, la actual mayoría laborista no tuvo ningún inconveniente en votar para el cargo de presidente de los Comunes a un conservador. El señor Jiménes de Asúa entiende que el ser presidente de las Cortes — y en eso estamos de acuerdo con él — no le priva del derecho que asiste a todo ciudadano para escribir breves historias que tienen sus puntos y ribetes de juicios personales y de parcialidad. Esa simpática actitud del señor Jiménes de Asúa, que entra democráticamente en el terreno liso y llano del vulgo para alternar con él, nos anima a tomar parte en el juico polémico.

El señor Jiménez de Asúa se felicita de que no haya Comisión de Estatutos, puesto que los de Cataluña y Euzkadi ya están aprobados, sino únicamente Comisión de Estatuto de Galicia.

"Esto —dice el señor Jiménez de Asúa — no deja de tener trascendencia política, puesto que corta posibles aspiraciones de quienes no se hallan satisfechos con los Estatutos logrados".

¿Cree usted, de verdad, don Luis, que con eso se corta algo Pues está usted total y absolutamente equivocado. Se lo dice a usted uno del vulgo, que sabe un poco, aunque no mucho, de lo que pasa dentro y fuera del coto. Y en cuanto a las "posibles" aspiraciones de los que no se hallan satisfechos — ni muchísimo menos, don Luis — le diré que no son posibles, ni aun probables, sino ciertas.

Por otra parte, la designación de la Comisión para entender en el Estatuto gallego es cosa que no inquieta a don Luis. El nombramiento de aquél organismo no fué más que "de pura complacencia simbólica".

La frase es bonita, desde luego, pero, sobre todo, expresiva. Expresiva de los deseos de don Luis, queremos decir. Pero, ¿está usted seguro, señor Jiménez de Asúa, de que los gallegos van a conformarse con símbolos? Mire que desde hace algún tiempo ando entre ellos, y me parece que también en eso yerra usted. Yo creo que los gallegos no son separatista, que lo que quieren es convivir dentro de una comunidad política con los demás pueblos ibéricos, pero conservando todos los atributos, facultades, derechos y esencias de una nación; ahora bien, si se empeña usted en ofrecerles "complacencias simbólicas", esto es, un chocolatín en lugar de un buen pote gallego, qué sé yo hasta donde podrían llegar las aguas.

De cualquier forma, las cosas se van aclarando, y ésto es siempre conveniente. El señor Jiménes de Asúa está enfrente de nuestras aspiraciones, lo que hace, bien a nuestro pesar, que nosotros, automáticamente, estemos enfrente del señor Jiménes de Asúa. Sabemos que a don Luis le acompañan en su postura otras varias personalidades políticas de prestigio internacional. A nosotros nos acompañan los pueblos catalán, gallego y vasco.

Vamos a ver en qué termina la cosa, don Luis.

One-Eleven

★

EL GRAN CIGARRILLO AMERICANO

35 cts.

# A NOSO DEBER

Nestos momentos críticos, cando está a pique de caer o feixismo en Hespaña, é necesario que todol-os republicáns se agrupen arredor do goberno que nos representa, anque non se esté conforme coa súa composición. Si queremos que teña a eficacia debida, é mester que conte coa axuda de todos nós, e o menos que podemos facer no seu obsequio, é non combatilo. Porque ¿qué respeto inspirará un goberno que é atacado pol-os seus mesmos correlixionarios? ¿Qué creto lle darán os estranos si os proprios llo negan? ¿Cómo vamos a pretender que sexa recoñecido pol-as grandes potencias?

Estamos ou non de acordo con él, teñamos ou non as nosas dúvidas sobor da súa lexitimidade, o certo é que o noso deber está por enriba de todo. Hai que rodealo da máisima autoridade para demostrar ao mundo que é un goberno verdadeiramente nacional.

Sería inicuo, sería un crimen que despóis de tanto tempo perdido en disputas estériles e mezquiñas, que nos facían enroxecer de vergonza, unha vez que se logre superar todal-as dificultades e se constituia un goberno con todol-os os trámites legaes que no desterro se poden facer, nos adicáramos a botarlle lama e desprestixialo tan soio porque non satisface por completo as nosas aspiracións.

Cando nunha das sesións das Cortes celebradas en México, Xiral foi atacado por quen menos autorizado estaba para elo, a oposición, con un senso de patriotismo e responsabilidade innegabeis, púxose de inmediato ao lado do goberno e salvou unha situación que pudo convertirse en catastrófica, de non haber mediado aquela circunstancia.

Así é como deben obrar as persoas honestas e conscentes, e non deixarse levar pol-as baixas pasións, que soio desventuras acarrean. Este é o exemplo que deben ter sempre diante dos ollos os que de cote empregan verbas despeitivas para todol-os que non pensan como eles.

Pero nós, galegos, temos ademáis outra obriga. Como republicáns, debemos apoiar ao goberno formado en México; como autonomistas debemos defender ao Consello de Galiza.

Non vamos agora a abrir discusións sobor da forma en que está constituído. Boa ou mala, non interesa. O feito é que o Consello ten unha actuación eficiente e un recoñecimento casi xeral. Os gobernos vasco e catalán están en contacto con él e trátano como de igual categoría; as coleitividades galegas de América acátano fervorosamente, salvo exiguas minorías; o movimento de resistencia da nosa terra está identificado con él... ¿Hai outro orgaismo que poida ostentar maores tíduos para considerarse representante de Galiza?

Todal-as censuras que se lle fagan oxe ao Consello son a destempo. Hai que aceptalo tal como é ou facerlle o xogo aos enemigos. O dilema é fatal.

Cada un alá coa súa concencia; pero nós afirmamos que o deber noso neste intre histórico, é apoiar ao goberno republicán e ao Consello de Galiza.

# Las entidades mutualistas deben ser objeto de especial protección

Las autoridades nacionales, provinciales y municipales procederían muy cuerdamente si calcularan los ahorros que a sus respectivos erarios reportan las asociaciones que de una manera limpia y honrada practican el auténtico mutualismo, **no confundiéndolas con las seudomutualistas.** Esta sola circunstancia —sin contar la función social restada al cuidado oficial, la educación colectiva y la mejora de servicios que reportan— bastarán para llevarlas a rodear a las asociaciones mutualistas, no sólo de todos los respetos, sino de aquellas consideraciones, defensas y ayudas que a tan meritoria y beneficiosa práctica social es justo y particularmente útil acordarles.

En toda democracia es fuerza que se considere como deber primordial el estímulo de la iniciativa privada, individual y colectiva. La práctica del mutualismo es un caso de iniciativa colectiva, que, en muchos casos, realiza servicios que de otra manera hubieran recaído sobre los presupuestos oficiales. Tal ocurre particularmente con las entidades mutualistas de carácter sanitario: ellas toman a su cargo una parte apreciable de gastos de cirugía y hospitalización que deja de gravitar sobre los establecimientos oficiales.

Sin embargo, no siempre estas consideraciones se toman en cuenta para estimular su acción y desarrollo, **y también para resguardarlas contra egoistas interés de clase que tienden a degradar su alto estilo social con vistas a favorecer una mercantilización que algún día habrá que denunciar y enfrentar.**

# Vísperas de Acontecimentos

Ao réximen feixista de Hespaña parece que lle chegou o seu Samartino. Moitos son os síntomas que o indican.

Dendes que se formou o goberno republicán en México, a intranquilidade dos falanxistas foi en aumento. Para congraciarse coas nacións democráticas, o xeneralísimo pronunciou varios discursos halagando a Inglaterra e a Norteamérica. Fixo tamén algunhas reformas que soio engañan aos que se deixan engañar.

Os monárquicos tratan de aproveitarse da situación precaria de Franco para poñer no trono a don Xan. Pero como éste non quere tutorías, que lle impoñen como condición para reinar os donos do poder, será difícil que se entendan. Veremos o que resulta da entrevista que se vai a celebrar en Portugal entre uns e outros.

Mentras tanto, o goberno de Xiral, en unión do presidente da República, D. Diego Martínez Barrios, vaise establecer en Francia, para donde saeu xa o presidente do goberno vasco, Sr. Aguirre. Prep rase unha reforma do gabinete para dar entrada nél aos comunistas e a un representante de Galiza. Todos se dispoñen para o ataque final.

Por outra parte, a proposición de Francia para romper conxuntamente con Inglaterra e Norteamérica as relacións con Hespaña, vai a ser tratada pronto, e, posiblemente, a desaparición de de Gaulle teña unha influencia beneficiosa para a nosa causa.

¿Cal será o resultado de todos estos movimentos estratéxicos? Para nós non hai ningunha dúvida. A caída do falanxismo e unha cousa fatal, e o restablecimento da República, a consecuencia inmediata.

Outra solución sería agravar o problema e dilatar a reparación da inxusticia que se cometeu co goberno legal de Hespaña [illegible] atacado pol-os facciosos, coa axuda de Alemania e Italia, foi privado das armas necesarias para defenderse e defender ao povo que o había elexido.

Resistímonos a creer que as nacións rectoras do mundo, esquecendo as súas prédicas en favor da democracia e do direito dos povos para ter o goberno que desexen, apoien o restablecimento dunha monarquía que saeu de Hespaña con vergonza e con ludibrio.

E si entonces o povo hespañol foi xeneroso, e permiteu a saída do monarca sin exixirlle a responsabilidade debida, cicáis non-o fora máis adiante, cando tivera que botar ao fillo do émulo de Fernando VII.

## OUTRA MAIS

Benvida, se ven pra ben, esa nova entidade que acaba de aparescer no escenario da coleitividade e que se chama "Acción Gallega en la Argentina".

¡Benvida! Por moita colleita nunca é mal ano, según dí o refrán, e porque haxa unha entidade máis no ambente coleitivo non é cousa de laiarse; pol-a contra, é cousa de aledarse e, máis ainda, se ven pra ben.

Nós saudamos o nacemento de esa nova entidade, co entusiasmo con que se saúda a todo ser, ou cousa, que xurde á vida. Saudámol-a con toda a nosa sinceiridade. Quizabes veña a hencher un valdeiro e, quizabes veña a ser unha máis, unha das tantas con nome galego.

Non queremos prexuzgar, pro, algunhas manifestaciós da devandita entidade, nos seus comenzos, xa dan a entender que ven con temperamento de **enfánt terrible** e con certa precocidade digna de se ter en conta. Xa sabe trebutar apráusos, non moi axeitados, pro, aprausos o fin, alí donde tería que poñer unhos azoutes, ec é galega. Xa sabe facer cousas tras das que non é moi difícil ver o rabo da raposa ou a ispiración de calquera señor máis ou menos "esquerdo" e republicano, oucasionalmente entre nós.

Mais, non. Quizabes estamos prexuzgando e non hai tal cousa. Quizabes non hai máis que un pouco de precocidade sin importancia; querse decir, sin importancia pra nós, aunque a debe ter pr-ós compoñentes da entidade, pol-o perigro que representa a posibridade de malograrse na adultéz. Como lles pasa a cuase todos os nenos precoces.

# Da Declaración Ministerial do Goberno Republicano Hespañol

### • Dimensión americana de España

Nuestra patria, por su historia, tiene una dimensión específica en el mundo internacional, dimensión esencialmente americana. Quien conozca los pueblos hispanos de América; quien haya observado la ola de adhesión y alegría que la fundación de la República Española suscitó entre ellos; quien más tarde advirtiera cómo la rebelión militar de España dividió la opinión pública en cada uno de esos pueblos, integrando en todos ellos el bando pro-rebeldes los mismos grupos sociales que lo hicieron en España; quien, con interés por este fenómeno internacional, analice la actitud de las masas y de los Parlamentos y vea cómo se pronuncian a favor del Gobierno republicano formado en el destierro; quien, por último, lea y medite el admirable discurso pronunciado hace unos días por el ilustre secretario de Relaciones Exteriores de México, doctor Castillo Nájera, con motivo del homenaje rendido por los españoles al honorable Presidente de la República Mexicana, general de división don Manuel Avila Camacho, y a nuestro Presidente, el excelentísimo señor don Diego Martínez Barrio, parará su atención inevitablemente en estas palabras semifinales de tan notable oración: "México... aprovecha esta ceremonia para formular sus votos más fervientes por una perfecta colaboración en beneficio de los comunes ideales que convierten a México y España en una sola, imperecedera entidad espiritual". Esa es la misión que consideramos tiene y ha de desarrollar nuestra España en América: nosotros hemos sido, pero ni somos ya ni queremos ser una potencia militar; no hemos sido, y difícilmente podremos llegar a ser, dada la estructura que va tomando la gran industria pesada, una gran nación industrial; pero sí hemos sido, estábamos en trance de volver a ser, y tenemos voluntad de serlo, un gran centro creador de cultura. Esa actividad no queremos confinarla a nuestro pueblo, sino que aspiramos a desarrollarla en intimidad fraterna con todos los pueblos hispanos. España, nuestra España, será en América heraldo de nuestras ideas y por tanto heraldo de paz, porque pensamos que tenemos el deber de luchar por evitar en este Continente, a nuestros hermanos en sangre, lengua y afanes, el tremendo drama que Europa ha vivido. La convivencia pacífica de América bajo normas elaboradas conjuntamente por sus pueblos es una garantía para la libertad y la cultura del mundo.

### • La armonía con todos los pueblos de este Continente, norma y conducta de la España republicana

Esta vinculación de España a los pueblos hispanos de América nos ha llevado muchas y reiteradas veces a reflexionar sobre las relaciones de esos pueblos con los Estados Unidos —relaciones cada vez más íntimas—, y como consecuencia sobre la orientación de nuestra conducta política con los Estados Unidos. Nos damos cuenta de que este problema, importantísimo para nosotros, no lo es en igual medida para los Estados Unidos. Mas, sin embargo, tampoco puede serle indiferente. Centro sumo del poder financiero ,industrial, naval y aéreo; uno de los dos más grandes poderes militares y el primer mercado del mundo por su capacidad adquisitiva como nación, es inevitable que, a modo de magneto, vaya atrayendo la economía de los pueblos más próximos a él. Ese fenómeno crea indefectiblemente situaciones difíciles en ocasiones, pero nosotros tenemos que adoptar la posición invariable, primero, de quien confía en la capacidad política, bien mostrada, de los pueblos hispanos para defender sus propias causas; segundo, la de no permitir jamás que los hogares de la representación española en América, a diferencia de lo que a menudo ha acontecido y de lo que acontece actualmente con el falangismo provocador, sean focos de conspiración contra la paz de este Continente y, tercero, confiar en las grandes fuerzas morales que en Norteamérica y en Hispanoamérica han sabido crear y fomentar la gran política que, iniciada por Franklin Delano Roosevelt, ha producido ya resultados tan serios y fecundos. En Norteamérica como en Hispanoamérica, España tiene que trabajar por la armonía entre los pueblos que el destino geográfico ha unido como compañeros eternos en la Historia

# VILAR PONTE

## 10º. Aniversario da sua Morte

**Con motivo de cumplirse o 10º aniversario da morte de Antón Vilar Ponte, a Irmandade Galega de Bós Aires resolveu renderlle un homaxe, tendo xa desiñada unha comisión encarregada de programalo. Pol-a sua parte, A NOSA TERRA, adicará o número do mes de febreiro a eisaltación do 'máis asíduo, afervoado e tenaz batallador que d nde as columnas de xornaes e periódicos, día a día, e ano tras ano, perante unha vida enteira, esparexeu a semente da redención galega". ..**

**Os periódicos de Galiza e da emigración foron tribuna onde a verba escrita de Vilar Ponte facía sentir arreo con patriótica vibración as dores e as ansias da Terra.**

**Os patriotas galegos que hoxe loitan na Terra e fora d-ela, os mártires que co seu exempro e o seu sacrificio fixeron espertar a concencia nacional galega, casi todos foron iniciados no galeguismo pol-a prédica acesa e machacona de Antón Vilar Ponte.**

**Por iso nada máis xusto e merecido que o homaxe que con tan bo acordo programa Irmandade Galega no honor d-iste grande patriota que tan fondamente sinteu, e soubo facer sentir a acedume da nosa inxusta e aldraxante escravitude.**

# Contestaciòn de Castelao a "La Pasionaria"

## Unha posición crara e patriótica

### Aititude que contrasta cos turbios manexos de moitos republicanos e de todolos prietistas

9 de enero de 1946.
Señora doña Dolores Ibarruri,
Toulouse (Francia).
Distinguida amiga:

Contesto a su carta - circular del día 16 de diciembre —interesantísima por todos conceptos—, que Uribe me ha remitido desde Nueva York, por vía aérea. Debo decirle que ya la conocía, como conozco también la contestación de Aguirre. Le agradezco que me haya contado en el número de personas que deben conocer las decisiones del Partido Comunista de España en asunto de tan vital importancia como es el de tomar posiciones claras frente a nuestro enemigo común y al mismo tiempo depurar de maquiavelismos traicioneros el campo republicano.

Me parece que ustedes han caído en excesiva complacencia al proponer un acuerdo de todas las fuerzas antifranquistas para organizar una consulta al pueblo, porque tal proposición es obvia si dicha consulta se hubiese de celebrar después de la caída de Franco. No es que se deje de advertir la sutileza que encierra su proposición, pero no desautoriza la idea del plebiscito que anda rodando demasiado por todas partes, y es necesario detenerla para que no tome cuerpo. Entiendo que, en nuestro campo, no se debe hablar de plebiscitos ni de cosa que se le parezca, y menos para dilucidar si España es monárquica o republicana. Esa no fué la cuestión que originó la guerra civil y, de haberlo sido, [illegible] bien dilucidada con solo [illegible] que Franco aun no se atrevió a restaurar la monarquía. Yo comprendo que la liquidación de una lucha tan sanguinaria como fué la nuestra haga estremecer las conciencias formadas en principios humanitarios; pero el plebiscito que proponen algunos maquiavelistas no es para LIQUIDAR la guerra civil, sino para MATARLA, haciendo infructuoso el sacrificio de los pueblos españoles. La propuesta de un plebiscito equivale a confesar que todos nos hemos equivocado —tanto los fascistas como nosotros—, y que AQUELLO fué un crimen pasional, una reyerta de electores, algo propio de nuestro carácter incivil. Y la guerra española no ha sido eso, sino algo muy hondo en sus raíces y muy extenso en sus proyecciones sobre el mundo. Ya sé que no descubro nada que usted no sepa de sobra, pero ello me sirve para que usted vaya conociendo hasta que punto se puede contar o no contar con mi concurso. No hay duda de que la proposición de algunos republicanos claudicantes en favor del plebiscito, puede plantear no el dilema que sirvió para las elecciones municipales de 1931, sino la verdadera cuestión española en sus términos actuales, esto es, si España quiere seguir sometida al régimen franquista o si desea vivir en libertad. En este caso el plebiscito entrañaría una ofensa para los arquitectos de la paz futura, si es que buscamos su autorización y su apoyo, o revelaría una indignidad por nuestra parte, si solo pretendemos coincidir con los supuestos deseos de cualquier gran potencia, pues, en buena ley, no se trata de averiguar si España quiere o no quiere vivir en la esclavitud, para complacerla a su gusto. Se trata de salvarla de la esclavitud quiéralo ella o no lo quiera, pues otra cosa equivaldría a una estafa autorizada por los propios estafados, o un ardid claudicante e indecoroso, que no nos llevaría más que al descrédito definitivo. A quién vamos a engañar que no pueda engañarnos? Aceptaríamos nosotros la perpetuación de una tiranía en España, aunque así lo decidiera el pueblo español, libre y democráticamente? Ni hay a quien engañar ni hay porque engañarnos a nosotros mismos. Antes que convenir en la idea de un plebiscito, contando, desde luego, con las reservas de confianza que nos ofrece el pueblo, yo me declaro partidario de la lucha abierta, dejando en pié la guerra civil, porque sus frutos siempre serían mejores que los de una indignidad colectiva. A mi no me repugna ni la idea de una intervención extranjera, con tal de que fuese para arrojar a Franco y aniquilar el falangismo, pues en cierta ocasión entró en España un ejército inglés, con Wellington a la cabeza, y nuestra Historia no ha dejado de recordarlo y agradecerlo, porque aquella intervención favoreció nuestra independencia (la "soberanía" es una palabra vana). En cuanto a los propósitos de concertar un compromiso entre el franquismo y ciertos sectores republicanos, eso ha corrido como cosa cierta en los días que pasé en México, para asistir a la reunión de las cortes. A este respecto he tenido la opórtunidad de pronunciarme en presencia de todo el Gobierno y del mismo Presidente de la República, con motivo de un acto dedicado a la memoria de Companys. Mis palabras fueron las siguientes: "... y ante las más altas representaciones de la República Española, nosotros, los gallegos tildados injustamente de separatistas, juramos morir en el destierro antes de alargar nuestra mano a quien empequeñeció y deshonró a España".



Vea, pues, mi admirada amiga, como, sin ser un doctrinario empedernido y, mucho menos, un intransigente, me veo en la obligación de rechazar cualquier idea de plebiscito, siempre peligrosa y, además, desacreditada, aunque hubiera de celebrarse después de la caída de Franco, a no ser que convengamos en llamarle así a unas elecciones generales, que algún día se habrán de celebrar después de la restauración democrática, es decir, cuando tengamos la obligación de cerrar la guerra civil.

Si hay un nudo gordiano en la cuestión española, éste consistirá en el restablecimiento de una verdadera democracia republicana después de haber derribado a Franco, para cuyo fin y objeto se requiere, primeramente, una concordia de todos los elementos antifranquistas y una acción inteligente y tenaz del organismo que deba dirigir el movimiento liberador de España. Yo coincido con Aguirre en que dicho organismo representativo sólo puede ser el "Gobierno legítimo", y por esto, en lo fundamental, hago mías sus opiniones, con la advertencia de que yo no tengo la obligación de ser gubernamental, puesto que Galicia no está representada en el Gobierno, a pesar de que su derecho a vivir con autonomía ya lo tiene bien ganado. Hago hincapié en la legitimidad del Gobierno Giral por no poner en entredicho la legitimidad de las Cortes que lo avalaron en México. Claro está que los diputados sólo representamos la última expresión democrática de España; pero en tal grado la representamos que, de perpetuarse la causa de nuestra expatriación, en el último diputado superviviente residiría el último vestigio de la soberanía popular. Ahora bien; el pueblo sólo es soberano en el día de las elecciones y por eso su mandato tiene una vigencia limitada, que en España era de cuatro años, sin que jamás se hubiese agotado este plazo. Bastará recordar que en cinco años de vida legal republicana se celebraron tres elecciones generales, que dieron por resultado otras tantas cortes de signo completamente distinto; y no sería razonable pensar que al cabo de diez años de silencio democrático forzoso, la opinión de los españoles se mantenga estacionada, pues si creyésemos que los electores que nos eligieron en 1936 volverían a elegirnos de nuevo, siempre quedaría dudosa la voluntad de los nuevos ciudadanos, que aun no tenían voto cuando estalló la guerra civil. Con todo, es preciso afirmar como cosa indiscutible, que en tanto no vuelvan a celebrarse nuevas elecciones, nosotros, los diputados elegidos en 1936, juntos, somos todavía lo más respetable que ha quedado de la República y de sus instituciones. Las Cortes sobrevivientes tienen, sobre todo, un gran valor moral, que se acrece cuando su dignidad es ejercida con prudencia y moderación. Y como las Cortes reunidas en México estuvieron a la altura de las circunstancias, sin excederse en nada, y prestaron su adhesión al Gobierno que preside Giral, fuerza será que lo acatemos y respetemos como legítimo, aunque su composición actual nos parezca deficiente y aunque por el momento dudemos de su eficiencia. Tenemos, pues, un Gobierno legítimamente constituído; y bueno será recordar que ninguno de los varios Gobiernos que se formaron en el exilio y que fueron reconocidos por las grandes potencias democráticas, pudo ostentar un sello de mayor legitimidad. Queda, sin embargo, la duda que podamos tener sobre su eficaia, que, para nosotros, importa más que su legitimidad. En este punto Aguirre se pronuncia por una ampliación o reorganización del Gobierno Giral, dándole entrada a todas las fuerzas democráticas "hasta que sea plenamente representativo", y yo añado que también debe ser eficaz. Entiendo que un Gobierno extraterritorial no necesita de "carteras", sino unidad de dirección política, autoridad indiscutible e indiscutida, como entiendo y digo que nosotros tenemos muy pocos meses de plazo para salvar la República. A mi juicio ya no queda más solución que la de entrar en el Gobierno Giral y fortalecerlo, so pena de que perdamos la última oportunidad que se nos presenta para dar solución democrática al problema político de España. Esto es lo que yo ceo que se debe procurar con urgencia, poniendo en ello toda la energía de que seamos capaces. Y conste que mi criterio sobre el particular no es una improvisación del momento, sino idea que me obligó a ir a México, dispuesto a ingresar en las filas gubernamentales. Yo intervine en el debate político que siguió a la declaración ministerial en las Cortes, y lo hice en nombre del grupo gallego, para adherirnos al Gobierno, pero con algunas condiciones que apuntaban a la ampliación y eficacia del instrumento ejecutivo. Dije que no comprendíamos como una fuerza republicana puede rehusar un puesto en el Gobierno ni como el Gobierno puede cerrar las puertas a quien tiene derecho a compartir su responsabilidad. Puesto que a todos nos obliga un Gobierno avalado por las Cortes y puesto que su fracaso significaría un fracaso total del republicanismo español, que nadie dejaría de pagar, justo será también que todos nos sintamos representados en él, para triunfar juntos o fracasar juntos, como en la guerra. En esa misma actitud permanecemos; y no estará demás confesarle que si no hemos pedido una representación gallega en el Gobierno fué por no apresurarnos a entrar en un barco anclado en el puerto y con huelga de pilotos acreditados... pero si el Gobierno se ampliase sin excluir a ninguna fuerza democrática, nosotros jamás rehuiríamos el puesto que a Galicia le corresponde por su personalidad diferente y reconocida. Debo recordarle a usted que Galicia tuvo un puesto en el primer Gobierno provisional de la República y con más motivo debe tenerlo ahora, cuando su Estatuto ha tomado estado parlamentario; pero nuestra ambición solo consiste en acompañar a todas las fuerzas republicanas y, dentro de un organismo único que nos lleve al triunfo. Creemos que Francia se ofrece como el lugar más propicio para la acción de un Gobierno extraterritorial republicano, y si ustedes aprovechan ahí la llegada de Giral y Martínez Barrio, contando con su buena disposición, no hay duda de que la propuesta de Aguirre se concierta con lo que yo me permito ver en el fondo de los acuerdos tomados por el Partido Comunista de España, que usted ha tenido la bondad de someter a mi apreciación.

Resumen: Nada de plebiscitos ni consultas, que pueden favorecer a los monárquicos en acecho, a los republicanos claudicantes o a los fascistas dispuestos a cambiar la chaqueta sin cambiar el alma. Nada de malgastar el poco tiempo de que disponemos —el tiempo que Franco necesita para construir el puente de huída— y que nosotros aprovecharemos para convertir el Gobierno Giral, legítimamente constituído, en Gobierno plenamente representativo y eficiente.

Aprovecho esta oportunidad para saludarla con el mayor afecto.

(Fdo. CASTELAO)

## Morreu no eisilio o conselleiro do Goberno Vasco

### Don Eliodoro de la Torre e Larrinaga

Do periódico Euzko-Deia recollemos a noticia da morte do conselleiro do Goberno Vasco don Eliodoro de la Torre.

O siñor de la Torre durante a guerra civil desempeñou o posto de Conselleiro de Facenda, amostrando inmellorabels disposicións de dedicación e competencia. Agora atopábase en Francia, onde consagraba a sua aitividade a causa nacionalista e a recuperación da República.

Con pena de irmáns rexistramos n-A NOSA TERRA esta noticia que tanto terá de magoar ao país amigo.

## CARTA DE DOLORES IBARRURI

Toulouse, 16 diciembre 1945.

**Al examinar la situación de nuestro país a la luz de los últimos** acontecimientos, la Dirección del Partido Comunista de España ha comprobado la existencia de un serio peligro para el porvenir de España, la República y la Democracia. Este peligro proviene de las maniobras que los fascistas y reaccionarios del interior y del exterior de España hacen para salvar al régimen franquista de la crisis en que se debate para buscar una solución contraria a los deseos del pueblo y los intereses de la Nación. La expresión más acabada de estas maniobras es el propósito de concertar un compromiso entre el franquismo y ciertos sectores republicanos que, de llevarse a la práctica, posibilitarían la perpetuación en nuestra Patria de un régimen reaccionario, frustrando las esperanzas y anhelos del pueblo y sus masas trabajadoras, y haciendo de España un país feudatario no importa de cual potencia extranjera. El argumento esgrimido para justificar este compromiso es evitar la efusión de sangre y preparar la vuelta pacífica a la normalidad. El Partido Comunista de España afirma que cualquier compromiso con el franquismo no solo no evitaría la efusión de sangre y la continuación de la guerra civil que existe latente en nuestro país, sino que hará inevitable su desarrollo. Los partidarios del compromiso hablan de organizar un plebiscito dirigido por agentes franquistas y bajo control extranjero; realizado en tales condiciones, el plebiscito sería una burla sangrienta y un fraude escandaloso que permitiría a Franco dar apariencia democrática a su régimen fascista terrorista. El Partido Comunista de España se pronuncia resueltamente contra todo compromiso con Franco y no aceptará intervenciones extrañas que comportarían una merma temporal o definitiva de la soberanía o independencia de nuestra Patria. El Partido Comunista de España se ha esforzado por organizar la lucha armada y el levantamiento nacional contra el régimen franco-falangista, considerando que este era el mejor procedimiento para acabar con él y destruir sus raíces, pero nunca hemos renunciado a otros medios de acción y lucha contra el franquismo si la unidad de las fuerzas antifranquistas los hace posibles y eficaces. Por eso, el Partido Comunista de España, en su deseo de poner fin a los sufrimientos de nuestro pueblo y evitar nuevas luchas sangrientas que consumen la ruína de nuestro país, está dispuesto a llegar a un acuerdo con todas las fuerzas antifranquistas nacionales sobre la base de la organización de una consulta al pueblo en la que éste, libre y democráticamente, se pronuncie por el régimen que quiere vivir y gobernar. El Partido Comunista de España tiene absoluta confianza en el amor del pueblo a la República democrática y, por ello, propone esta consulta popular, si bien la condiciona a determinadas circunstancias que difieren fundamentalmente del plebiscito que quieren los partidarios del compromiso.

Esta consulta al pueblo deberá hacerse después de haber arrojado a Franco y Falange del poder, y no bajo controles extranjeros, sino dirigida por un Gobierno de coalición nacional en el que participen todas las fuerzas, desde los republicanos, socialistas, cenetistas, comunistas, representantes de Cataluña, Euzkadi y Galicia, hasta monárquicos y militares antifranquistas. Para colaborar en la organización de esta consulta podría funcionar gobiernos autónomos en Cataluña y Euzkadi con iguales características que el gobierno nacional. La misión del gobierno de Coalición nacional será: Liberar a los encarcelados; facilitar el retorno de los emigrados; depurar el aparato del Estado de todo vestigio falangista, y organizar la consulta al pueblo. Una vez conocida la voluntad nacional si, como estamos seguros, el pueblo se pronuncia por la República, el gobierno deberá entregar el poder al presidente interino de la República, el cual encargaría la formación de un nuevo gobierno, según la expresión de la voluntad popular, que pondría en marcha las instituciones republicanas y convocaría a elecciones en el plazo más breve posible.

Esta es la solución que el Partido Comunista de España propone impulsado por la preocupación de acelerar la caída del franquismo y ahorrar sangre y sufrimientos a nuestro pueblo; lo que no excluye que estemos dispuestos a examinar cualesquier otra que pueda ser propuesta con idénticos fines.

Considerando urgente e indispensable que las fuerzas republicanas adoptemos una posición común, sin la cual no es posible dar una solución democrática al problema político español, me dirijo a Vd. al mismo tiempo que lo hago a dirigentes de otros partidos y organizaciones antifascistas y personalidades republicanas, proponiendo la celebración de una reunión conjunta a fin de llegar a un acuerdo y establecer un programa de acción común. Y, sobre la base de este acuerdo, dirigirnos después colectivamente a las fuerzas monárquicas y militares antifranquistas, que estén dispuestas a colaborar con nosotros en la acción para acabar con el régimen franquista y organizar la consulta al pueblo.

Por multitud de razones políticas y geográficas que no es del caso enumerar, estimo que el lugar más adecuado para celebrar dicha reunión es París, y quienes no pudieran acudir personalmente, por imposibilidad material, harían conocer sus puntos de vista por escrito o por delegación.

Gustosa someto a su consideración nuestras proposiciones, agradeciéndole por anticipado me dé a conocer su opinión al respecto.

Esperamos sus gratas noticias, le saluda atentamente.

**Dolores Ibarruri**
**"Pasionaria".**

# Telegrama del Presidente Aguirre a Jesús Leizaola

*Recibí extenso telegrama de Pasionaria cuyo texto supongo conocerás caso contrario pídeselo. Transmítele siguiente contestación informando de todo al presidente Irla. Recibo importante telegrama que agradezco. Después de formado Gobierno República con concurso directo e indirecto todas fuerzas democráticas incluyendo leal cooperación Gobierno Cataluña Euzkadi y Consejo Galicia habiendo sido reconocido por varios países constituye el instrumento más serio y responsable para coordinar dirigir restauración democrática República pareciéndome impolítico y peligroso crear nuevas organizaciones que recuerdan similares intentos fracasados a cargo de unos o de otros y que pueden llevarnos a la división que el Gobierno concluyó sobre todo después importante reunión Cortes México. Vista disposición examinar otras propuestas idéntica finalidad restauración democrática creo mejor solución que pidamos todos ampliación Gobierno hasta que sea plenamente representativo sin exclusión ninguna por la izquierda y por la derecha hasta el límite máximo posible como es deseo insistentemente solicitado por los vascos y que puede ser razonablemente logrado aprovechando próximo viaje Giral a París por constarme que ese es uno de sus más vehementes propósitos compartido por Presidente Barrio por lo cual cordial y encarecidamente le ruego llamando su responsabilidad reserven toda decisión hasta que conversaciones se hayan celebrado. Gobierno democrático representativo por razones fáciles comprender substituirá ventajosamente coalición nacional que ustedes proponen porque además de coordinar todas las fuerzas democráticas políticas y sindicales y de organizar con una dirección la acción exterior e interior que debe ser llevada con intensidad será en todo caso el órgano más responsable y legítimo y el que con mayor autoridad podrá recibir reconocimientos o atender sugestiones para adoptar resoluciones de todas clases bien referentes a la extensión y participación de nuevos elementos antifranquistas en su seno o tratar de la organización de la consulta popular u otras resoluciones si evidentes circunstancias exteriores o interiores así lo aconsejaran. Gobierno republicano español debidamente integrado representa con Euzkadi Cataluña Galicia mayoría indiscutible opinión popular por lo que debe continuar sin titubeos su camino prestigiándose por su unidad y decisión cubriendo así período lucha hasta caída Franco que ustedes en su proyecto dejan sin solución si elementos monárquicos militares antifranquistas rechazaran proyecto como es casi seguro lo harían. Por su parte elementos mediacionistas México confían ese período a un Gobierno de elementos neutros no comprometidos con Franco que por falta de apoyo popular una vez establecidas las libertades públicas habría de dar paso rápidamente a Gobierno democrático por todo lo cual la existencia continuidad fortalecimiento y perfeccionamiento representativo del actual Gobierno de coalición democrática es absolutamente necesario en todos los casos. Nota francesa referente a rompimiento relaciones con Franco posibles acuerdo con Moscú desfavorable ambiente Franco importancia momento aconsejan fortalecer situación gubernamental como ha hecho Negrín inteligentemente en su entrevista reciente Departamento Estado Norteamericano manteniendo legitimidad eficacia Gobierno sin perjuicio de su perfeccionamiento representativo por entender como nosotros que lo contrario sería dar muestras de poca seriedad ante el extranjero y el interior que interpretarían nuestra inconsistencia como debilidad o incapacidad gobernante. Agradézcole su fina percepción de las decisivas realidades de Cataluña Galicia y prescindiendo de otras consideraciones que el olvido o interpretación de instituciones jurídicas o constitucionales pueden suscitar su mensaje reitérole cordialmente el ruego de que pongan el dinamismo característico de su organización al servicio de la solución apuntada para lograr la unanimidad en los propósitos y en la acción camino único que despertaría entusiasmo interior y respeto y reconocimiento exterior. Salúdale afectuosamente.*

*JOSE ANTONO DE AGUIRRE.*

# Universalidade do Galeguismo

**Un feito novo na política galega é a eistensión conquerida pol-o sentimento galeguista. Ninguén podía supoñer que un movimento limitado a pequenos núcleos cando estalou a guerra civil, chegara a ser hoxe compartido pol-a gran masa do povo galego. Non embargantes, o feito está a vista. Hoxe son galeguistas todal-as forzas que aitúan na clandestinidade: os republicanos, os sindicalistas, os comunistas, os socialistas, os agrarios e os galeguistas; e tamén-o son moitos franquistas e feixistas.**

**Compre acrarar que non se trata d-un movimento encamiñado a lograr unha "autonomía ben entendida", é decir, unhas migallas de autonomía ademenistrativa. Non. Trátase d-un auténtico movimento nacional galego. O sentimento da Patria Galega xurdeu puxante estimulado pol-o sacrificio de tantos mártires; e todos comprenden hoxe a traxedia da escravitude de Galiza; todos sinten a vergoña da escravitude moral e cultural, e todos se dan conta da miseria da escravitude económica.**

**A morte dos homes que defendían a Galiza, pol-o solo feito de defendela, fixo pensar a xente. Os galegos viron que se trataba de matar o sentimento galego, pois os asesiños falaban castelán e as vítimas falaban galego. O GALEGUISMO FOI TROCADO N-UN DELITO, N-UN CRIME.**

**En Galiza non había "roxos", había "separatistas". A cruzada foi, na nosa Terra, escontra do separatismo. Por separatistas morreron homes de todol-os partidos, de todal-as ideas, da esquerda e da dereita.**

**En realidade a cruzada foi escontra de Galiza. Tratábase de matar o sentimento da Patria Galega.**

**E a reaición é lóxica: o sentimento, ferido no máis vivo, ameazado de morte, rexurde d-un pulo, inconteñíbel, abala as concencias, abate as dúbidas e faise dono de campo.**

**Quen non conoce este estado de cousas, mal poderá eisplicarse as concesións da ditadura ao movimento galeguista, a ise mesmo movimento que tiña de eistermiñarse por criminoso, e o afán de Franco de congraciarse con él. A proteición do folk-lore, a programación d-un sistema de autonomía ademenistrativa, o desfile de tropas coa bandeira galega e ao son da gaita, e aínda a herexía de chegar o Caudillo a pronunciar discursos en galego, son feitos que teñen a súa razón de ser no inconteñíbel avance do movimento galeguista.**

## O Galeguismo en Mendoza

A Irmandade Galega de Mendoza é un faro que esparexe destellos de saudade a beira dos Andes. Os lugares montesíos, dende Salta aos lagos do Sur, son percorridos por poetas nativos (Bianchini, Fausto Burgos e outros) que son particularmente sensibels ao sentimento saúdoso.

Bianchini vive na cibdade de Mendoza, frecuenta a Irmandade Galega, ten unha devota ademiración por Rosalía e vive soñando en asolagarse no ambente de ensono no que atopan natural resoancia as notas da sublime lírica.

Fausto Burgos, reside agora en San Rafael, poida que desavencellado da nosa coleitividade; máis as suas notas bibliográficas amostran a sua predileición pol-os escritores galegos, particularmente por Valle Inclán.

A Irmandade Galega de Mendoza cultiva n-un conxunto de familias integraes, nas que figuran pais e fillos, a máis pura arxentinidade e a máis entrañable galeguidade.

A poesía da paisaxe Mendiciña prende na ialma galega, e a sinxeleza, tan natural, das xentes chega ao máis íntimo do curazón. Mendoza, chea de monumentos e recordos da colonia e da epopeia nacional, parece un libro escrito na paisaxe. Alí un ve e toca a historia na sua permañencia, na sua eternidade.

O grupo de familias galaico-arxentinas deambula pol-os cerros, pol-os vals, pol-as Praias Seranas; algunha vez aparece no aeroporto para saúdar algún trauseunte galego.

Alí, a vista dos Andes cubertos por unha farrapeira de neve, todo fala unha lingoaxe de emoción. ¡Qué doce e qué pura alegría trascende d-aquel grupo familiar, que añora unha terra lonxana, que moitos dos seus integrantes soio conocen por referencias.

# Cortes da República Hespañola

## AS SESIONS CELEBRADAS EN MEXICO

SESION DO DIA 7 DE NOVEMBRO—

No Pazo do Departamento Central, situado no curazón da cibdade de Méxieo, nunha das plazas máis belidas de América, chamada popularmente o Zócalo, tivo efeito a xuntanza das Cortes Republicanas Hespañolas.

No vello Salón de Sesións do Cabildo. de data colonial, deliberaron os auténticos representantes da democracia hespañola os día 7, 8 e 9 do derradeiro mes de novembro.

O local, dividido en duas partes, acollía na parte de adiante aos diputados. A Mesa das Cortes na cabeceira, e n-un costado o banco azul. De tal facían uns sillóns, e arriba deles locía a figura de Morelos, héroi da independencia mexicana, así como a do cura Hidalgo se amostraba por riba da presidencia.

Con máis de duas horas de adianto fíxose formada unha longa cola de público impacente por asistir a presenciar o debate político, o que dempois acogulou o local enchendo pasadizos i-escaleiras. No carto dos diputados foron estes tomando asento, véndose que os galegos, vascos e cataláns elexían emplazamentos uns xunto aos outros, facendo resaltar d-ise xeito a solidaridade que xungue aos povos que eles representan: GALEUZCA facía así testimonio da sua presencia.

APERTURA, SAUDO E HOMAXE—

As 16 horas e 25 minutos, o Presidente das Cortes, siñor Jiménez de Asua, abre a Sesión dando conta da concesión de eistraterritorialidade feita pol-o Goberno de México para a celebración das sesións. De seguida o Secretario da leitura as adhesións.

O Presidente di algunhas verbas en recordo de don Luis Rodríguez de Viguri, [illegible] de servicio que presta a democracia hespañola, e termiña invocando a Terceira República Hespañola.

INTERVENCION DE CASTELAO NO NOME DE GALIZA—

As 17 horas e 10 minutos fai o siñor Giral a declaración de Goberno, que é escoitada con vivo interés e, ao remate, longamente aplaudida.

Dempois da declaración ministerial, fai uso da verba o representante do Grupo Independente Galego, siñor Alfonso R. Castelao. Eisplica a adhesión ao Goberno dos diputados galegos. "A eficacia está por enriba da legalidade", di o siñor Castelao, e engade, ao sinalar a necesidade d-unha urxente aituación, "o Goberno non ten de limitarse a mera representación da democracia hespañola, pois iso de na serviría". Sigue eispoñendo a necesidade d-un auténtico goberno, e asevera: "desexaríamos que ningunha forza republicana ficara eiscluída do noso Goberno". Ao referirse a declaración ministerial, amostra a simpatía coa que recolle canto fai relación as libertades autonómicas, puntualiza a situación do Estatuto Galego e sinala que a sua boa acollida e o seu trámite favorábel pol-as Cortes terá de servir de estímulo e de alento aos patriotas galegos que loitan no interior escontra do franquismo. Recolle a referencia do siñor Giral aos demócratas portugueses e, valorando o seu alcance, agradecea facendo resaltar a estreita irmandade dos povos galego e portugués.

FALA O REPRESENTANTE DO PAIS VASCO—

Don José Ma. Lasarte, do Partido Nazonalista Vasco, adhíresa a o Goberno e dí: "a nosa voz é voz que ha de dar a nota católica e vasca; o noso lema é Dios e Tradición. Coma católicos, con siceira sencillez, alabamos e apreciamos a declaración ministerial". Di que hai que apartar da loita política os problemas relixiosos. Rende homaxe ao clero vasco, e opina que o goberno debe de ser ampliado.

A VERBA DOS FEDERALES—

Pasa a tribuna dos oradores o siñor Luis Cordero Bell, do Partido Federal, que adica un recordo aos hérois da guerra hespañola. Lamenta que o seu Partido non fora tido en consideración ao facel-as consultas políticas que deron lugar a formación do presente goberno, máis, non embargantes, di [illegible] dispostos os Federales a facer a labor que lles corresponda na liberación de Hespaña. Fai votos por que no Goberno se lle dea cabida aos representantes de todol-os partidos republicanos.

A REPRESENTACION DE CATALUÑA—

A continuación o siñor Pedro Ferrer, da Esquerra Republicana de Cataluña, da a confianza ao Goberno Giral: "Apoiamos as aspiracións dos vascos e dos galegos. Non queremos unha República que non reconoza as liberdades dos povos". E dempois engadeu. "E perciso recordar como Cataluña foi a defendel-a República, e sigue leal na loita pol-a sua reconquista".

FALAN OS SOCIALISTAS—

O siñor Lamoneda, diputado socialista da minoría que preside o siñor Negrín, refírese as grandes omisións que se advirten na declaración do Goberno. Ataca duramente a ideia de acetar o plebiscito de Franco. Afirma que o Partido Socialista atópase disposto a contribuir a reconquista da República. Di que a bandeira do republicanismo debe ser collida por un puño forte que se poña ao frente do Goberno, único xeito de poder camiñar con pé firme a reconquista de Hespaña.

APROBASE O VOTO DE CONFIANZA—

Dempois de falar outros diputados e de ter reitificado o Xefe do Goberno, por aclamación foille acordada a confianza das Cortes ao Gabinete, quedando aprobada a declaración ministerial.

SESION DO DIA 8

O día 8 as 16 horas e 20 minutos declárase aberta a sesión. Dase leitura a aita da sesión da víspera e a novos saúdos e telegramas recibidos, e lese a orden do día, que dí: "Apreciación das circunstancias que impiden, con caraiter de forza maor, a convocatoria de aleicións para presidente da República según o prescrito no artello 74 da Constitución".

HESPAÑA E AS ELEICIONS—

O Presidente do Consello Dr. Giral, fai uso da verba referíndose ao citado artello e a imposibilidade de cumprilo nas aituaes circustancias. Eispón o compromiso do Presidente da República e do Goberno de restaurare a normalidade constitucional ao terse liberada a Penínsua. Propón un prazo de tres meses pra formal-os censos e a correspondente convocatoria a eleicións para diputados, restablecimento do Tribunal de Garantías Constitucionaes, eleición de compromisarios e, por último, desiñación do Presidente da República.

Un diputado de Unión Republicana presenta unha proposición no sentido de que se preste acordo a indicación do Goberno.

O diputado Anxel Galarza, do grupo negrinista, manifféstase escontra da proposición ministerial, opinando que é improcedente fixar plazos para as eleicions. Recorda o precedente da convocatoria as constituintes e di que non é doado comprometerse ao que o día de mañán poida facerse en Hespaña.

Dempois d-unha breve reitificación, vótase a proposición e queda aprobada.

DESBARDALLA PRIETO—

Indalecio Prieto fai uso da verba para eisplicar o voto da sua minoría. Di que o Goberno adequiriu a sua plenitude ao recibir o refrendo palramentario e que se robusteceu pol-a aititude das oposicións, eispecialmente poi-a formulada pol-o Sr. Uribe no nome do Partido Comunista. "Para min —di Prieto— foi a voz máis autorizada que se levantou".

(O camarada Uribe: "Moitas gracias").

"Non trato de facer un homaxe a Sua Señoría —engade Prieto— Sua Señoría falaba no nome d-un Partido, namentras que os outros oradores falaron no nome d-unhas disidencias".

Eisplica que a Cámara ten realizado un aito de trangresión palramentaria, provocado seguramente pol-o entusiasmo coaitivo da emigración dempois dos acordos de San Francisco e Postdam. Asinala que se ten vulnerado o artello 64 da Constitución, desorbitando nos teistos e na conduta o papel que corresponde ao Presidente das Cortes ao asumir provisoriamente a presidencia da República.

Os puntos básicos da intervención de Prieto poden recollerse da seguinte maneira:

Primeiro: A sua minoría apoiará ao Goberno condicionalmente, reservándose o direito de atemprare a sua conduta ao sentir do interior de Hespaña trasmitido por condutos que lle merezan creto, *e tamén a posibilidade de que algunha república hispanamericana aconselle outras solucións contando cos seus bons oficios de mediadora.*

Segundo: Califica de erro o ter dado vida as institucións republicanas, pondo en dúbida a legalidade dos aitos que toman pé en tal feito a partir da toma de posesión do siñor Martínez Barrio.

Terceiro: Eisaxerando a nota do seu discutíbel patriotismo, amostra a inconsistencia do seu ideal republicano. "Por riba da República está Hespaña".

Cuarto: Di que a resistencia do interior pode amolecer e fai un verdadeiro alarde de pesimismo, dando a impresión de que, a calquera precio, quere liquidar un choio que lle queima as máans.

Quinto: Pon a solución do problema hespañol a cárrego eisclusivo dos alleos. Nega toda eficacia ao Goberno, e apunta a solucións que firen os mais puros sentimentos de diñidade e de xusticia.

Sesto: Profetizou indireitamente o fracaso do Goberno, e ao referise ao Presidente Truman, recalcou: "ése si é un verdadeiro Presidente". Afirmación que facía contraste coas dúbidas e reparos que acababa de por a eleición de Martínez Barrio.

A DEFENSA DA REPUBLICA—

O siñor Fernández Clerigo, de "Izquierda Republicana", señala con palabra emocionada que o Goberno Giral é a verdadeira representación da República Hespañola e que debe ser reconocido e respetado por todos. Aclara que él e o seu grupo manteñen posicións dispares co Goberno, máis, non embargantes, reconócena como representación lexítima e estarán ao seu lado en todol-os pasos que éste dea pol-a restauración da República. Sostén o siñor Fernández Clérigo, que o réximen republicano é un sistema decidido xa en Hespaña, calificando de traición, cos máis duros términos, todo intento de colaborar n-un plebiscito que importaría un ultraxe ao povo hespañol.

Don Anxel Galarza, dempois de rechazar o falaz razonamento de Prieto, remata afirmando a necesidade de defender a Constitución e os seus tres órganos de goberno: a Presidencia da República, o Goberno e as Cortes.

Fai unha defensa da República e, escontra da posición de Prieto, pronínciase de maneira oposta a calquerra intento de chegar a Hespaña por outro medio que non sexa o dos órganos constitucionaes, ofrecendo a cooperación ao siñor Giral no intre que a xuzgue doada.

Denantes de cerrar a sesión foi aprobada por aclamación unha felicitación ao siñor Largo Caballero por terse librado do campo de concentración.

## Eiscursión do "Centro Pontevedrés"

O día 10 do próisimo Febreiro, o "Centro Pontevedrés" fará a sua eiscursión pol-o Delta do Paraná. En tres barcos, que sairán de San Fernando as 7 horas e 30 minutos, os romeiros percorrerán un longo camiño por entre as illas do Delta para ir a xantar ao recreo "Crovetto".

A familia pontevedresa terá unha grande diada: diada de añoranza, recordando as romerías da Terra, entonando as cantigas cangadas de saudade e soñando no embruxo dos eidos queridos bañados de sol, envoltos na néboa ou esbargoexados dorballo. Diada de íntimo contento da familia que se ve xunta, e de afáns que se cumplen para os que loitan con xeneroso derroche de enerxías, desvelos e sacrificios para darlle á coleitividade galega aquela categoría de que é merecente, e dotala das comodidades e medios de desenrolo a que ten direito.

A NOSA TERRA sigue con acesa emoción os progresos de esta entidade modelo que é o "Centro Pontevedrés", que, pese ao seu nome, non se restrinxe a pensar, traballar e ambicionar para unha parte dos nosos emigrados, senón para a totalidade dos galegos, da Terra e da emigración.

Por eso, n-esta romería do C. Pontevedrés terá de haber regalo dos sentidos pol-o que se ten presente, e haberá cobiza, ilusión e añoranza patriótica pol-o que fica ausente.

## Visita do siñor López Maseda

O siñor López Maseda, secretario da "Casa de Galicia" de Montevideo, veu pasar uns cantos días entre nós, tomando un descanso, ben merecido por certo, para quen compaxina as aitividades profesionales coa moita atención que o seu posto de grande responsabilidade ao frente de tan meritoria e importante Institución lle recrama, e aínda ha de facer un longo treito para sua consagración intensiva ao estudio que o preocupa d-un xeito especial.

Nos primeiros días do mes que ven emprenderá o siñor López Maseda viaxe de regreso ao Uruguay; a despedir a tan bo amigo como enxebre galego, concurrirá unha representación de A NOSA TERRA e "Irmandade Galega".

Casa OTERO

Placas Radiográficas

Artículos de Calidad ELIOT
Para Farmacias y Hospitales

Agujas y Jeringas Hipodérmicas
Catgut, Guantes, etc Perfumería

GENERAL URQUIZA 624
U. T. 45, Loria 8273

Francisco Blanco

★

CIGARRERIA POR MAYOR Y MENOR

★

Av. SANTA FE 1100 U. T. 41, Plaza 0278

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOP

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

# Terceira Sesión das Cortes Españolas

## A Loita Polo Direito de Galiza

O día 9 as 16 horas e 30 minutos o Presidente abre a sesión.

O diputado siñor Jaen, de "Izquierda Republicana" eispresa que é portador dos saúdos de representacións palramentarias do Perú, Ecuador e Guatemala.

Ten lugar a votación para cubrir vacantes, quedando elexidos don Ramón Nogués, de "Izquierda Republicana" de Cataluña, como Vice-Presidente terceiro das Cortes e don Francisco P. Gené, do mesmo partido, como secretario cuarto.

O Presidente da conta da composición da Comisión Permanente das Cortes e pásase a tratar da Comisión de Estatutos.

UN RECORDO A DON MANOEL PORTELA VALLADARES—

Fai uso da verba o diputado do "Partido Republicano Centro", don Xosé Ma. Mendizábel, quen se doi de que teña sido eliminado da Comisión Permanente o siñor Portela Valladares. Recorda o papel que tivo na disolución das Cortes anteriores e no trunfo do Frente Popular o siñor Portela Valladares, así como a sua firme posición diante de ameaza de sublevación e en relación as maniobras políticas de Alcalá Zamora.

O siñor Prieto da a razón ao siñor Mendizábel e di que a minoría socialista está d-acordo en apoialo, se o siñor Mendizábel reclama un posto para o siñor Portela Valladares na Comisión Permanente.

O siñor Mendizábel dase por satisfeito e pide que non se interrumpa a marcha de sesión. A Cámada agradece a aititude do siñor Mendizábal a tributa un voto de simpatía a Portela Valladares.

PRIETO ESCONTRA DO ESTATUTO GALEGO—

Prieto opénse a que se forme a Comisión de Estatutos. Di que a minoría Socialista non considera necesaria tal Comisión, pois entende que o papel da Cámara non debe ser lexislar senón servir de apoio ao Goberno. Sostén que a Comisión de Estatutos nos se poderá desempeñarse por falla de antecedentes, e tacha de irrealizábel e inútil a labor da dita Comisión.

SOLIDARIDADE VASCO-GALEGA—

Fala o diputado da M. Nazonalista Vasca, siñor Jáuregui para sinalar que todal-as minorías da Cámara menos a socialista teñen feita a proposta e que a Mesa debe dar cumprimento a un trámite rutinario que non demanda votación. Sinala que, na reunión de xefes de minorías, o representantes prietista opúxose a que se lle dera representación ao Partido Centro. (Queda destapada a doblez de Prieto). O Estatuto de Galiza —sigue decindo o siñor Jáuregui— foi proposto pol-a Asamblea de Municipios no ano 1932, e o 28 de xunio de 1936 foi votado, e dempois unha Comisión presentouno as Cortes o 15 de xulio, acordándose que pasara a Comisión pertiñente. Cita o artello 12 da Constitución e eisplica a previsto para iste caso. Remata pedindo a Minoría Socialista que se incorpore a Comisión.

FALA SUAREZ PICALLO—

O diputado galego don Ramón Suárez Picallo ocupa a tribuna dos oradores decindo, que viña de Chile coa mesma ilusión que no ano 31 marchou a Hespaña para loitar pol-as libertades de Galiza. Indica que o Estatuto Gelago é unha arma psicolóxica para a reconquista da República a paro os galegos que loitan en Hespaña. Ten un recordo para os que formaron parte da Comisión que fixo entrega do Estauto, ao entonces Presidente das cortes siñor Martínez Barrio, e que hoxe son mortos porque para Franco o ser autonomista é tamén un delito. Con moi bo acerto, sinala que a soberanía non pode tomarse a vontade. Se se ademite a vixencia das institucións republicanas, coa da Constitución hai que ademetir a dos Estatutos. "Se dubidamos da legalidade dos trámites cumplidos pol-o réxime republicano encol do noso Estatuto, pomos tamén en tela de xuicio a nosa legalidade". Di máis adiante que os que non aportan armas para conquista, non queren a conquista, e pide que non se lle neguen as ferramentas para elo, como tal sería para os galegos a Comisión do Estatuto.

(O diputado prietista Longueira interrumpeu airadamente).

O siñor Picallo contesta: "Eu non esquezo aos que me votaron e pol-o que se me votou, e non sei se vostede o ten esquecido". Remata incitando a Minoría Prietista a cumplir co seu deber integrando a Comisión de Estatuto.

CATALUÑA APOIA O DIREITO DE GALIZA—

Seguidamente fai uso da verba por Esquerra Republicana de Cataluña o diputado don Xosé Tomás i Piera. Di que os diputados da minoría que representa están dispostos para a conquista da República e para defender os Estatutos e o direito a libertá dos povos. Apoia resoltamente o direito de Galiza e pide que non se poñan tropezos ao trámite que procede.

O siñor Gomariz, de Unión Republicana, fai uso da verba empezando por decir que, na reunión dos xefes de grupo, o siñor Jáuregui dixera que lle parecía que a Comisión non debía de ditaminar sobor do Estatuto.

(Jáuregui interrúmpeo decindo que non é verdá).

Sigue o siñor Gomariz decindo que Unión Republicana está satisfeita da creación dos estatutos políticos-adeministrativos e que non regateará os seus votos se se gardan as consideracións as circunstancias e aos preceutos. Dí que non ademite comparanza entre a legalidade da Corte e a do Estatuto.

(Interrumpe Picallo puntualizando o erro do siñor Gomariz).

O siñor Edmundo Lorenzo, diputado da minoría socialista que preside o Dr. Negrín, defende a constitución da Comisión Palramentaria do Estatuto Galego concordando co siñor Picallo e facendo unha patriótica e brilante defensa do povo galego e dos seus direitos como ente diferenciado cultural, político i-economicamente dos outros povos que integran o Estado Hespañol.

AGRARIOS GALEGOS—
O REPRESENTANTE DOS

O siñor Antón Alonso Ríos, diputado agrario galego, empeza asinalando a función do Goberno, que él compara con un carro de duas rodas: Estado e Defensa. Faise eco do clamor xeral, tanto de dentro coma de fora de Hespaña, que reclama d-unha vez por todas, a unión dos republicanos. "Nos apoiaremos a un goberno que represente a vontade xeral; un goberno que sexa capaz de merecer a confianza das grandes democracias, que recolla os afáns dos emigrados e responda as ansias dos povos que no interior, baixo a ditadura, manteñen a fé republicana e preparan a reconquista".

E respondo ao siñor Gomariz, engadeu: "Os galegos somos un povo diferenciado, que ten un xeito de ser propio; non somos separatistas, pero tampoco somos casteláns nin seremos nunca castelanizados; somos hespañoes, más para selo abónadanos con ser galegos".

Referíndose a porfía de Proieto, acrarou: "Non debemos prexuzgar o que poida ou non poida facel-a Comisión; o deber noso é nomeala, e dempois éla xa verá de procurarse os ducumentos que lle sexan precisos. Non hai para que deter un proceso caprichosamente; deixémolo seguir a sua sorte, e amostraremos así o noso respeto ao dereito e a vontade de Galiza".

OUTRAS INTERVENCIONS

O diputado don Luís Cordero Bell, do Partido Federal, declárase unido aos cataláns, vascos e galegos, e propuña porque se integre a Comisión do Estetuto Galego.

O siñor Montiel, pol-a Minoría Comunista eispresa que ésta xa desiñou os nomes para integrarl-a Comisión.

O siñor Pedro Vargas, de Izquerda Republicana, eispresa a opinión da sua minoría, que di: "Van a Comisión de Estatutos sin reservas de ninguna clas".

O siñor Prieto volve a falar opóndose a Comisión de Estatutos, e pregunta: "Cabe no eisilio, con unha Cámara descabalada, marchar cara o Estatuto?" E dempois: "Cómo privar de representacións a grupos palramentarios que aiquí non están presentes?" E remata negando o concurso da sua minoría.

O siñor Elfidio Alonso, do grupo Republicano que encabeza Fernández Clérigo, móstrase en favor da Comisión.

O diputado galego, Ramón Fernández Mato, en representación do Partido Centro, apoia o nomeamento da Comisión do Estatuto Galego e propón para integrala a don Manuel Portela Valladares. Di que, se hai grupos ausenes, tamen estaban ausentes cando se nomearon as demáis comisións e que non se reparou n-elo. E remata afirmando que o golpe máis certeiro que pode dárselle a Franco e consagrando o direito autonómico de Galiza.

Don Pedro Vargas di que a sua minoría xa ten desiñados os seus representantes.

Insisten outros diputados en que debe desiñarse a Comisión.

Prieto, para buscar unha salida, ponse a disposición do Goberno.

POSICION DO SIÑOR GIRAL

O Presidente do Consello, siñor Giral, fai uso da verba decindo que o seu propósito é que se cumpla o reglamento, e, referíndose a Prieto manifesta: "agradecería a la minoría socialista que nos acompañe"; eisplicando dempois que non é cuestión de principios senón de trámite.

O siñor Prieto —por fin amolecido— levántase e dí: "A minoría socialista acede ao rogo do siñor Presidente do Consello".

REMATE DAS CORTES

Lese unha proposición a mesa, de adhesión a todos e cada un dos órgaos legaes, con un chamado a povos e gogbernos para que non poñan impedimentos a laboura dos hespañoes por reconquistar a Hespaña.

O diputado, siñor Gordón-Ordaz, fai un discurso en defensa d'ista proposión.

O Presidente pide un aplauso para México, o seu povo, o seu Goberno, e a sua prensa" pol-o que teñen feito pol-a República.

No medio de unha grande achamación, postos os diputados de pé, e o públieo a aplaudir, ficou levantada a sesión.

## "GALEUZCA"

A revista **Galeuzca**, que é eispresión dos intereses e das arelas nacionaes de galegos, vascos e cataláns, e que, pol-oc importantes estudos que contén, resulta do máis outo valor para o conocimento dos problemas que atañen aos povos hispánicos, acaba de editar e por a venta o seu quinto número, do que transcribimos o correspondente:

SUMARIO

**Editoriales—**

La reunión de las Cortes en México. La acttud internacional y el régimen franquista.

**Colaboraciones—**

El comercio hispano-argentino, por Carlos Alberto Erro, 1889. "El regionalismo gallego", de Murgia, por Castelao. Las fronteras del Estado vasco en el año 1000, por I: de Gurruchaga. El nombre de Galicia, por Francisco E. de Tejada. Ramón Luil y la utopía española, por Joaquín Xirau.

**Información—**

Discurso pronunciado por el diputado vasco Sr. Lasarte en las Cortes de México el día de noviembre de 1945. Telegramas cruzados entre doña Dolores Ibarruri, Secretaria General del Partido Comunista Español, y don José Antonio Aguirre, presidente del Gobierno vasco, en relación con el actual momento político español.

## Cantares

Criticar ós do lugar
e loubar ós foresteiros
eso non pode ser máis
que servilismo noxento.

O que dos seus familiares
fala mal (inda que teña
motivos) é un coitado
que a sí mismo se descreta.

Galego que s-esqueceu
de falar a nosa lengua,
que fuxa lonxe de nós
ou que volva a deprendel-a.

## O VIAXE DE PRADA

Saida de Bós Aires en avión rumbo a Río de Xaneiro, Natal e Lisboa. O dinámico e querido amigo noso, Rodolfo Prada, acompañado da súa dona, fixo ese viaxe ideal coa emoción que é de supoñer nun home dos seus sentimentos. ¡Estar preto de Galiza e non poder visitala! ¡Cómo latexaría o seu corazón!...

Pero cando Prada se propón algunha cousa, é difícil que non-a consiga. E despois de terminados os seus negocios en Portugal, arriscouse a entrar en Galiza. Visitou Vigo, Pontevedra, Santiago, Vilagarcía, Rianxo, Ourense..., ducias de povos galegos cuios nomes nos fan entristecer de morriña e que él recorrería coa ledicia de anceios satisfeitos e coa pesadume de recordos sombrisos.

Sabemos que tivo entrevistas con moita xente e que o seu esprito veuse colmado de esperanzas. Atento observador, sereo e intelixente habrase dado perfeita conta do que pasa na nosa terra, e noticias xustas e precisas serán o regalo que nos ofrecerá á súa chegada de volta de tan atraente aventura.

Agora atópase en Cuba. Estamos verdadeiramente anseosos por escoitar dos seus beizos as verbas quentes dunha convicción arraigada.

Esperando darlle pronto unha forte aperta, deseámoslle un feliz término ao seu espléndido viaxe.

DE MONTEVIDEO

## Don Xosé Martínez Garda

Víctima dunha cruel doenza finóu en Montevideo o día 5 de xaneiro, iste distinto compatriota.

Emigrado n-ise país donde neno, a forza de sagreficio e honestidade logróu ocupar un posto destacado no comercio d-isa cibdá, eisí como na política do Urugui. A pesar dos moitos anos de emigrado —cincoenta e tantos — endexamáis esquencéu a Galicia, estando sempre disposto a ocupar cargos de responsabilidade cando a colectividade o chamóu a elo Eisí, en varias oportunidades, foi direxente da "Casa de Galicia", a que presidiu nos anos 1935-36, có o beneplácito de todol-os asociados.

Don Xosé, como cariñosa e respetuosamente se lle chamaba, fixo un culto da amistade, preocupándose máis do ben estar alleo que do propio. Bon e xeneroso na máis verdadeira siñificación da verba, tiña a virtude que teñen poucos homes: o reconocer os seus erros, e cando elo socedía era o primeiro en buscar o seu ocasional contrincante e pedirlle disculpas.

Foi un afervoado abandeirado da causa-da libertá. E no probrema autonómico de Galicia, un defensor da libertade económica e política da nossa Terra, pro que contribuia moral e materiaemente.

Cheguen hastra'a súa distinta dona e fillos a eispreisión sentida do noso pesar na desgracia que os aflixe.

Paz na súa tumba.

Fábrica de Sobres
Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria
Pedro F. Darrigol
M. DE OCA 202 - 3º F.
U. T. 23 - 9081

NARCISO VIDAL (h)
AGENTE OFICIAL KODAK
• Películas
Radiográficas
• Accesorios
• Rayos X
PASTEUR 768 Bs. AIRES
U. T. 47 - 4718

Camisería de mesura fina
PREZOS BÓS
BRIGO
Sáenz Peña 14 - Bós Aires

CA SA DURAN
• SOMBREIROS
• CAMISAS
• BONETERIA
• PANTALOS
30 Gral. Bosch 30 U. T. 22 - 4405
AVELLANEDA (PIÑEIRO)

Déspotas insconscientes
Forzá, forzáde galiciá,
Pode oprimir o ferro,
Un corpo enfraquecido,
Mais as nobres ideas,
E gloriosos instintos...
Eses... non pode, non o
(duro ferro;
Nin a morte, extinguidios!
Eduardo PONDAL

# A Nosa Terra
(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO
Central B
FRANQUEO PAGADO
Concesión No. 2032
TARIFA REDUCIDA
Concesión No. 2727

Ano XXX ★ BÓS AIRES, XANEIRO 1946 ★ Redaición - Administración: Rúa BELGRANO 2186 ★ Núm. 444

# Fragmento do Libro de Castelao "Sempre en Galiza"

Dixo Camóes que os portugueses nasceron para mandar e non para seren mandados, e os casteláns aplicáronse moitas veces esta grave creencia de sí mesmos; tanto é así que un poeta totalitario acaba de grorificar a golferancia e o señoritismo da capital de Hespaña, afirmando que "**Madrid es el campamento de la meseta. Que vive sin Industria y sin Agricultura. De gobernar a los demás**". Mais esta fachenda non é privativa de ninguén nin de ningures; é un vezo anexo á debilidade humán, que se alporiza nas vísporas da impotencia. Todos sabemos en que vai parar a fachenda dos homes e dos povos. Cando un **golfo** ou **señorito** perde as "regalías do vivir sen traballar" abaixa os ollos i estende as mans para exercer, homildemente, a profesión de mendigo. I é xusto que nós eisecremos a fachenda dos hespañoles e dos portugueses, capaz de levar a Península a un estado de perdurable indixencia.

Non ten disculpa que os dous Estados, un enfrente do outro, se sintan celosos e fachendosos d-unha indepe[illegible] é efeitiva e que, ademáis, carece de potestade para reconquerir, por separado, nin chisco das grandezas perdidas. No que toca aos portugueses resulta triste que a fachenda sóio lles sirva para fuxiren da "tiranía dos feitos" e que o arredamento de Hespaña sexa, somentes, un efeito da propria debilidade. "Ouh, a door que me acomete —decía Sardinha— sempre que aos evidentes froitos do noso achegamento a Hespaña se opón —¿por qué calalo?— o cobarde tema, o suicida argumento da nosa debilidade". N-efeito; esa "concencia da propria debilidade" sería un bó argumento para abolir, mais non para soster, o arredismo fachendoso de Portugal, e ben o dixo un vello político hespañol: "**Portugal separado da Galicia, que es carne de su carne, y desarticulado de la unidad geográfica, que es la Península Ibérica, sufre, por esa doble causa, de debilidad**". Velahí a verdade.

Os galegos, eisentos de fachenda, non comprendemos que Hespaña se resiñe a non conquerir a categoría de gran potencia; pero menos comprendemos que Portugal se empeñe en manter feramente a súa "debilidade", so pretesto d-unha diñidade imposible. E nós decimos unha vez máis que Hespaña e Portugal sóio poden salvarse contando con Galiza, porque alí reside a clave da reconciliación e da concordia, da paz e da grandeza, en fin, do sentido común hispano.

Todo canto levamos dito a prol da unidade natural galaico-portuguesa e do espectro que a tolle e asombra, está inspirado no máis nobre patriotismo, e desemboca no consiguente anceio de unión peninsuar. Con todo xa é hora de decir que de todal-as arelas do galeguismo militante, a de inclinarnos en esprito a Portugal despertou o enoxo do Olimpo madrileño (lembrade os ataques de que fomos obxeto por unhas declaracións que fixemos os diputados galeguistas n-un banquete da Bombilla, en xulio do 1931). E nós creemos que o rol máis trascendente, que os republicáns hespañoes debían atribuirlle a Galiza, como membro autónomo do Estado e como órgao esencial da hispanidade, era o de fomentar a compenetración do povo galego co povo portugués, sofocando, co fortalecimento moral da nación portuguesa, as prevencións que alí se manteñen pol-o temor de unha absorción e debido á súa debilidade. Abolido en ambos Estados o réxime monárquico xa non cabía ningunha fórmula hipócrita de acomodo, tal como aquela de Cánovas del Castillo, "**viniendo una dinastía portuguesa a sentarse en el trono español**", ou a que, por bulra, corría pol-os Madriles: "**Dejemos que nos invada Portugal y despues**"... Pero a República hespañola estaba obrigada a iniciar unha política de colaboración peninsuar, esvaendo, a forza de xenerosidades, a ideia lusitana de "oposición a Hespaña", pois xa non cabía a espranza d-unha unión ou alianza basada no proceso anacrónico dos enlaces dinásticos, pero ficaba en pé o "ideal ibérico", suscitado pol-os republicáns hespañoes e portugueses, e do que a clave estaba, está i estará sempre en Galiza.

Díxose que Hespaña é prisioneira de Portugal, pol-a ocupación da gran fachada do Atlántico e a posibilidade d-unha guerra en que as costas portuguesas facilitaran un desembarco para invadir o territorio hespañol. Esto abondaría para non deixar a Portugal ceibe de compromisos con Hespaña; pero conformámonos con compartir, **gratuitamente, a subordinación** portuguesa.. Ocurre que a maor parte dos hespañoes desconfían do Estado hespañol (atribúise a Cánovas a frase de que "**son españoles los que no pueden ser otra cosa**") e por eso non lles preocupa o arredismo portugués, pois así como a porta aberta de Portugal poidera servir para atacar a Hespaña (referímonos ás costas...) algunha vez ten servido para salvala, e ainda agora hai ilusos que cavilan n-este xeito de salvación... Dixérase que os hespañoes necesitamos ter a man un refuxio e que o noso Goberno non se entenda co veciño, por si algún día necesitamos desterrarnos... Non hai que decir que nós estamos en discordia cos hespañoes que soñan con invadir ou absorber a Portugal; pero refugamos igoalmente a fachendosa indiferencia de Hespaña ante o arredismo portugués, porque o desvío d-ese bocado tan importante da Península crea unha Xibraltar que sóio estorba, ofende e apunta aos hespañoes. A nós arrepíanos a irresponsabilidade d-unha Hespaña que se cree cerrada e ten aberta, de par en par, a porta principal do seu domicilio.

Faremos unha declaración final para remachar os conceptos espallados n-estas páxinas encol da nosa misión ibérica, que nós preferimos chamar "hispánica". Os galegos sempre pensamos en resolver os problemas privativos de Galiza dentro do Estado hespañol, dentro d-unha Hespaña que sexa, por igoal, o acorro de todol-os povos peninsuares, sen privilexios nin servidumes. Non é posible, claro está, que aceptemos a política asimilista da actual Hespaña, porque sabemos que ela causou a separación de Portugal i está enxendrando outras separacións, indeclaradas pero sentidas. Sóio por unha fachenda, que é consustancial coa decadencia de Castela, se pode aspirar á confiscación dos feitos diferenciaes, en vez de fomentalos e armonizalos como compoentes venerables do acervo común. E calquera que nos lea sen prexuicios verá que os galegos non queremos arredarnos de Hespaña, en canto nos alumée a espranza de vela engrandecida para a nosa grandeza, xunto con Portugal e libre do centralismo que a emprobece i empequenece.

Ningunha outra nacionalidade hespañola —nin Cataluña, nin Euzcadi— oferecen un porvir tan estenso como Galiza, cando pensamos que a nosa língoa sirve para comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas e cando, xunguidos en esprito i en verdade a Portugal, podemos instaurar unha fórmula irrecusable de imperio, todo luz e todo humanidade. A Hespaña oferecémolle a nosa cibdadanía e todal-as posibilidades do noso progreso material, xunto coa ledicia do noso benestar e os servizos que a súa grandeza reclame de nós, porque Hespaña será o Estado; pero a Portugal oferecémolle o noso xenio creador e todal-as posibilidades da nosa renascencia espritual, xunto coa ledicia da nosa liberdade e os esforzos que a súa autonomía moral reclame de nós, porque Portugal será a Nación. Non poderíamos repartir con máis equidade o proveito que agardamos do réxime privativo de Galiza. Se nos versos de Calderón de la Barca, e por boca do Alcalde de Zalamea, fala o Evanxeo de Cristo para condicioar o deber dos hespañoes encol do Estado (ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus).

**Al Rey la hacienda y la vida**
**se han de dar; pero el honor**
**es patrimonio del alma,**
**y el alma sólo es de Dios...**

resulta que o Estado pode eisixirnos a vida e a facenda, cando ese Estado nos protexe e sabe curar do noso porvir, porque as vidas e facendas individuaes deben sacrificarse ante o ben das nacións; pero se o individo ten dereito a preservar a súa alma, que é a súa liberdade, non creemos que o Estado poida eisixirlle a un povo o que non debe eisixirlle aos individos que o compoñen. Así, nós decimos que se o Alcade de Zalamea é o Evanxeo hispano, nós preservamos a alma de Galiza —qué é o xenio revelado na língoa e na cultura— para ascender con él até o derradeiro grado de perfeición. Nós, pol-o tanto, oferecémolle a Hespaña todo canto pode pedirnos o Estado; pero non a honra coleitiva, que é o patrimonio da Nación.

Se os galegos nos deixáramos absorber culturalmente por calquera país estranxeiro a Hespaña, os casteláns terían dereito a chamarnos desleigados; pero nós somentes demandamos liberdade para o noso xenio, que é tan hespañol como pode selo o castelán, e se nos atrai a cultura portuguesa é porque vemos n-ela un reflexo da nosa propria alma e as posibilidades da nosa autonomía moral. Non-os negamos a asimilar os froitos de calisquera cultura allea, ainda a máis eisótica, con tal de non matar a nosa orixinalidade. Non se trata, pois, de declararnos impermeables á cultura castelán porque sexa castelán, senón de evitarmos a política de absorción para correxir así a impermeabilidade de Castela ante a cultura dos demáis povos hespañoes. E se d-un xeito natural i espontáneo algún día se chegase a formar unha cultura única e común, patrimonio de todol-os povos hispanos, nós nada teríamos que obxetar.

O que non se pode defender é o imperio moral de Castela, exercido dende unha metrópoli embebida de **golferancia e señoritismo** e a través de todol-os poderes do Estado. Nós estimamos ao povo castelán; pero non á hexemonía que no seu nome exercen os **golfos e señoritos.** En algures xa nos mostramos doidos pol-a desfiguración do "esprito portugués"; e ¡qué diremos do "esprito hespañol" que hoxe corre como xenuino e representativo! O que o mundo distingue como "hespañol" xa non é "castelán"; é o "andaluz", que tampouco é andaluz senón **gitano.** A este respecto compre decir que non negamos a fondura cultural de Andalucía, somentes comparable á nosa; pero é que alí os fondos antigos e de maor civilización están afogados pol-a presencia d-unha raza nómada e mal avenida co traballo. "**Estos son unos hombres errantes y ladrones**" —decía o P. Sarmiento—; e se nós non apoiamos tan duro xuicio, amostrámonos satisfeitos de non contarnos con este **gremio** na nosa terra. O caso é que os **gitanos** monopolizan o **sal** e a **gracia** de Hespaña e que os hespañoes toleán por pareceren **gitanos** como denantes toleaban por seren **godos.** A cousa está en consagrar como hespañol todo canto sexa indiño de selo. Xa no tempo de Sarmiento Hespaña comezaba a agitanarse: "**Como están tolerados en España estos gitanos y ya se meten a aquella vida muchos castellanos foragidos, se comunicó insensiblemente al idioma castellano mucha peste de sus voces bárbaras**". Mais... ¿Qué é a **golferancia** e o **señoritismo** senón un remedo da **gitanería**? ¿Qué é o **flamenquismo** senón a capa bárbara en que se asolagaron os fondos tradicionaes de Hespaña, a tona imperial e austríaca, os farrapos piollosos da delincuencia **gitana**? Hoxe o **irrintzi** vasco, o **renchilido** montañés, o **ijujú** astur, o **aturuxo** galego e o **apupo** portugués están vencidos pol-o afeminado olé... Pois ben; os galegos escorrentaremos do noso país a "plaga de Exipto" ainda que se presentara con recomendacións..., porque somos a antítesis da **golferancia** e do **señoritismo**, da **gitanería** e do **toureirismo**.

Que resucite a Castela aseñiñada en Villalar. Que Castela deixe de ser o que Antonio Machado lle botou en cara: "**Castilla miserable, ayer dominadora, envuelta en sus andrajos, desprecia cuanto ignora**". Entón Castela sería cicáis unha Hespaña, e con ela nos entenderíamos. Cos **golfos** e **señoritos,** non.

## "HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS"

Esta prestixiosa entidade, que conta en Domselaar (F.C.S.) cunha hermosa quinta, onde poden pasar tranquíos o resto da súa vida os vellos galegos, que non tiveron a fortuna de facerse ricos, pronto inaugurará oficialmente as dependencias que xa dan albergue a unha ducía de asilados.

E ista entidade, a mais humanitaria e idealista de todas, vai enchendo, dun xeito novo e diño, unha función social que ven a ser unha previsión para os que non souberon ou poideron tela, chegando coma unha provindencia.

## O Presidente Vasco chega a Europa

Co fin de tomar parte nos traballos que deben levarse a cabo en París para abater o franquismo e levar a libertá e democracia a Hespaña, chegou a Londres o Presidente do País Vasco, don José Antonio de Aguirre.

O siñor Aguirre leva o propósito de influir encol do Presidente Giral e dos partidarios da República a fin de que o Goberno se troque no instrumento representativo i-eficaz que as circunstancias eisixen.